



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de maio de 2024**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D^a Yolanda Aguiar Castro

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte de maio de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(356).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 10 de maio de 2024. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(357).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2024-2025”. EXPTE. 62810/332.

Visto o informe de fiscalización de data 13/05/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada na mesma data, que di o seguinte:

S. Ord. 20/05/2024

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 16 de febreiro de 2024 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 07/02/2024 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares por procedemento aberto de data 08/02/2024 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” por procedemento aberto.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 5.999.550,00 euros, exento de IVE, para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025”, con cargo á aplicación orzamentaria 3260.227.9917 “Programa Educativo Aulas Internacionais”, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

- 2.999.775,00 euros correspondentes ao ano 2024,

- 2.999.775,00 euros correspondentes ao ano 2025.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 17 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	NEW LINK EDUCATION, S.L.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 9 e 18 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 9.2 do PCAP “Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.””

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEW LINK EDUCATION, S.L., o día 18 de abril de 2024, que presenta a documentación requirida o 6 de maio de 2024, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 7 de maio de 2024 acorda conceder un prazo de tres días a NEW LINK EDUCATION, S.L. para que puidera emendar a acreditacións dos medios persoais.

Durante o prazo concedido, a licitadora presenta a documentación requirida o 10 de maio de 2024.

Tendo en conta o anterior, a documentación presentada e que consta no expediente é a seguinte:

- As escrituras de constituicións da licitadora e de cambio de denominación e os estatutos xunto co apoderamento do representante.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (2.099.842,50 €), presentan as contas do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (2.099.842,50 €), presentan certificado de boa execución do ano 2022 no que o importe total supera esta cantidade.
- Acreditación dos medios persoais e materiais a adscribir á execución do contrato esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP
- Aval por un importe de 299.977,50 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEW LINK EDUCATION, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEW LINK EDUCATION, S.L., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante xuízo de valor, de 12 de abril de 2024, e o acordo da Mesa de Contratación, de data 17 de abril de 2024, polo que se outorga ao licitador a máxima puntuación pola súa proposición avaliable a través de fórmula, por ser o único admitido, de conformidade coa cláusula 15.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEW LINK EDUCATION, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun high school en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810-332) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 5.999.550,00 euros, IVE exento.*
- b) *A achega de 8 monitores/as de reforzo a maiores dos número mínimo esixido como medios persoais (47).*
- c) *A achega das seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:*
 - *Incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver a maiores das previstas no punto 4.3.2 do PPT (10 horas).*
 - *Redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver respecto da ratio máxima requirida no punto 4.3.2 do PPT (15 alumnos).*
- d) *A achega de 40 monitores/as con nivel de competencia lingüística C1 o C2.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S. Ord. 20/05/2024

3(358).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E VIXILANCIA DOS COLEXIOS E ESCOLAS PÚBLICAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 62788/332.

Visto o informe de fiscalización de data 14/05/2024, sométese a aprobación a proposta da Mesa de Contratación realizada o o 13/05/2024, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de novembro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 23/10/2023, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 22/11/2023 redactado pola Área de Contratación e Novos Proxectos, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 1.923.739,60 euros (1.589.867,44 € máis 333.872,16 € de IVE a soportar pola administración) para a contratación dos servizos de mantemento, conservación e vixilancia dos Colexios e Escolas Públicas do Concello de Vigo por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9917 “Apertura e peche de Colexios Primaria”, que se desglosará nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2024: 948.000,16 euros;



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

- Anualidade 2025: 975.739,44 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 4.327.029,61 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 17 de abril de 2024 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L.	100,00
2	U.T.E. INTEGRA MANTEMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA, S.L. - AVIO SOLUCIONES INTEGRADAS, S.A.U.	85,88
3	ONET IBERIA SOLUCIONES, S.A.U.	73,44
4	OHL SERVICIOS INGESAN, S.A.	38,96

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP, os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación acreditativa dos datos que obren neles sempre que se atope vixente. Neste caso, deberá presentar, asemade, a correspondente declaración de vixencia dos datos reflectidos no mesmo.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES

MEDIOAMBIENTALES, S.L., o día 19 de abril, que presenta parte da documentación requirida o 6 de maio de 2024, dentro do prazo concedido e, outra parte, o 9 e 10 de maio, fora de prazo. En relación a esta documentación, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda da documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede admitila.

Esta documentación consta de:

- Os certificados de inscrición dos licitadores que conforman a UTE no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) nos que figuran os datos de constitución de ambas mercantís, así como o representantes apoderados de ambas e as respectivas declaracións de non estar incursas en prohibición de contratar. Xunto cos certificados do ROLECE, ambas mercantís presentan declaracións de vixencia dos datos que alí figuran.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (673.308,86 €), presentan as contas de ambas mercantís do ano 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (673.308,86 €), presentan certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2022 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 64.166,84 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente os correspondentes documentos da Tesourería do Concello de Vigo.

Ademais desta documentación, figuran no expediente, os certificados positivos de débedas do Concello de Vigo, a AEAT, a TGSS e a ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 13 de maio de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de Fernando González Abeijón, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 3 de abril e 9 de maio de 2024, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a U.T.E. SAMYL FACILITY SERVICES, S.L - INTEGRACIÓN DE ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTALES, S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento, conservación e vixilancia dos colexios e escolas públicas do Concello de Vigo (62788-332) por un prezo total do contrato de 1.552.837,61 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 269.500,74 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(359).-PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL PARA ESCOLARES "VISITA O TEU CONCELLO". EXPTE. 25760/332.

Visto o informe xurídico de data 09/05/2024 e o informe de fiscalización do 14/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/05/2024, asinado polo técnico de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación e conformado pola concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 26 de maio de 2022, aprobou o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal para escolares “Visita o teu Concello” (expediente 25760/332), así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 07/04/2022 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 05/05/2022 que rexen a licitación, mailo gasto por importe de 39.699,23 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local na sesión de 18 de agosto de 2022 acordou adxudicar a VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”, coas seguintes condicións:

- a) O prezo máximo do contrato é de 39.699,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.889,95 euros, sendo o prezo unitario de visita didáctica ao Concello de 395,00 euros.
- b) Comprométese a desenvolver 10 visitas didácticas guiadas en lingua inglesa, a maiores das 50 visitas didácticas ordinarias de conformidade co contemplado no punto 5.1.2 e 5.3 do PPT.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno Local e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

- A) *PRAZO TOTAL: 2 anos, que comprenden dous cursos lectivos escolares de 10 meses lectivos por curso escolar dende setembro-xuño.*
- B) *PRAZOS PARCIAIS: non se fixan.*
- C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 2 prórrogas dun ano de duración cada unha.*
- D) *DATA PREVISTA PARA O INICIO DO CONTRATO: 1 de setembro de 2022.*

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 13 de setembro de 2022 entre o Concello de Vigo e a adxudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato é de 2 anos contado a partir do día seguinte ao da última sinatura do mesmo (comprenden dous cursos lectivos escolares de 10 meses lectivos por curso escolar dende setembro-xuño). Están contempladas 2 prórrogas dun ano de duración cada unha”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 13 de setembro de 2024.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.*

En data 25 de abril de 2024, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello”, conforme ao estipulado no mesmo.

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello” por parte da entidade actualmente adxudicataria (Van Divulgación Cultural S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un curso contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 14/09/2024 e o 13/09/2025.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 39.699,23 euros, sendo o prezo por anualidade de 19.849,61 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 19.849,61 euros, 3.444,97 en concepto de IVE, que se dividiría en dúas anualidades: 7.939,84 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de setembro a decembro) e 11.909,77 euros con cargo ao exercicio 2025 (de xaneiro a xuño) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9909 (Programas educativos) dos exercicios 2024 e 2025, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2024, faise constar que xa existe a operación contable RC 202400004010, por importe de 7.939,84 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017.

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informes da Asesoría Xurídica e Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do Programa municipal para escolares “Visita o teu Concello” (expte.

S. Ord. 20/05/2024

25760/332) para o período comprendido entre o 14/09/2024 e o 13/09/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 19.849,61 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Van Divulgación Cultural SL, CIF B-36.917.201. Este gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 3230.227.9909 (Programas educativos), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (de setembro a decembro): 7.939,84 euros.
- Con cargo ao exercicio orzamentario 2025 (de xaneiro a xuño): 11.909,77 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(360).- PROPOSTA DE OUTORGAMENTO DE AXUDAS MUNICIPAIS A FAMILIAS CON FILLOS E FILLAS EN ENSINO OBRIGATORIO, CURSO 2023-2024: EMENDA DE SOLICITUDES. EXPTE. 62759/332.

Visto o informe de fiscalización de data 14/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/05/2024, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de novembro de 2023 adoptou os seguintes acordos:

“PRIMEIRO: Aprobar o gasto por importe total de 5.842.500,00 (cinco millóns oitocentos corenta e dous mil cincocentos) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados” dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2023.

SEGUNDO: Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan ao expediente.

TERCEIRO: Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, nos seguintes termos:

- *As Bases reguladoras no BOPPO, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).*
- *A Convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). A publicación do extracto enviado á BDNS no Boletín Oficial da Provincia determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.*
- *Os modelos de formularios normalizados para a presentación de solicitudes facilitaranse na páxina web www.vigo.org.”*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 225, de 22 de novembro de 2023 e o extracto da convocatoria remitido pola BDNS no BOPPO núm. 227, do 24 de novembro de 2023, así como na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org). Conforme á base décima o prazo de presentación de solicitudes foi de dous meses contados a partir do día seguinte á data de publicación do dito extracto da convocatoria, finalizando o prazo o 24/01/2024, no que resultou a presentación de 17.403 solicitudes.

3.- A base segunda das reguladoras das “Axudas Municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” establece que a concesión destas axudas se realizará en réxime de concorrencia competitiva sen establecer comparación entre as solicitudes e sen fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos nestas bases.

4.- A contía das axudas será de 205,00 (douscentos cinco) euros por cada fillo/a escolarizado/a que reúna os requisitos establecidos que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados”, dotada con 5.842.500,00 euros.

5.- A base décimo segunda das devanditas bases recolle no seu punto segundo que *“tendo en conta o elevado número de solicitudes a concesión das axudas poderá resolverse escalonadamente , a medida que avance o proceso de verificación.”*

6.- En consonancia co anterior, Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de febreiro de 2024 adoptou entre outros o seguinte acordo, relativo a un primeiro bloque de concesións das solicitudes verificadas ata o día 9 de febreiro de 2024:

“PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 1 deste acordo (8.535 solicitudes) as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.380.255,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “P. extr. axudas familias con fillos escolarizados” (...)”

7.- Posteriormente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, adoptou os seguintes acordos:

“PRIMEIRO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 2 deste acordo (8.278 solicitudes) as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de 2.321.420,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados”.

SEGUNDO.- Requirir aos/ás solicitantes que se relacionan no Anexo 3 deste acordo para que no prazo de 10 días hábiles, a contar dende a publicación deste acordo, emenden a súa solicitude ou completen a documentación preceptiva, coa advertencia de que de non facelo así, se lle terá por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

TERCEIRO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas (Anexo 2) e a relación de solicitudes que procede que sexan emendadas (Anexo 3) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos, surtindo esta publicación os efectos da notificación nos termos do disposto no artigo 45.1.b) da LPACAP."

8.- Rematado o prazo de emenda (do 25 marzo ao 9 de abril) procedeu a verificar as solicitudes pendentes. Nesta fase do procedemento revisáronse 633 solicitudes resultando:

- 422 solicitudes foron emendadas polos interesados que completaron correctamente os datos das súas solicitudes e/ou achegaron a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria polo que procede a concesión da axuda. (Anexo 4)
- 211 solicitudes non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida polo que resultan denegadas.(Anexo 5)

Cómpre sinalar que o número de solicitudes revisadas (633) é superior ao que se relaciona no Anexo 3 (Listado de solicitudes para subsanar), por canto algúns interesados non completaran axeitadamente o proceso de rexistro da súa solicitude, pero si cubriron o formulario oficial habilitado para solicitar estas axudas dentro do prazo (do 25/11/2023 ao 24/01/2024); por outra parte, outros interesados presentaron por erro, dentro do prazo indicado, un modelo distinto ao específico para solicitar estas axudas, polo que non se contabilizaron no primeiro momento. En ambos os dous casos, as solicitudes que foron emendadas no prazo establecido ao efecto foron revisadas, concedéndose todas as que cumpren os requisitos.

9.- En data 9 de maio 2024 reuniuse a Comisión de Seguimento referida na base décimo sexta. Nesta reunión deuse conta á Comisión do proceso de emenda das solicitudes conforme a base décimo primeira, e do resultado da verificación das 633 solicitudes revisadas propoñendo a Comisión que se eleve á Xunta de Goberno Local unha nova proposta de concesión das axudas das solicitudes nas que concorren os requisitos requiridos e que foron emendadas no período concedido ao efecto (Anexo 4), por importe de 111.315,00 euros, e de denegación das solicitudes que non xustificaron o cumprimento dos requisitos esixidos nas bases ou non achegaron a documentación requirida. (Anexo 5).

10.- No Anexo 2, que contén o listado de axudas concedidas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22 de marzo de 2024, detectouse un erro do que cómpre dar conta a Xunta de Goberno Local: no documento 230399117 procede corrixir o nome da solicitante; o nome correcto é A.B. Acuña Sanín.

A presente proposta remitirase para informe preceptivo da Intervención Xeral Municipal, con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

1. Tendo en conta as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio propónse á Xunta de Goberno Local o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Corrixir o erro detectado no Anexo 2 que contén a segunda listaxe de axudas concedidas: o nome da beneficiaria da axuda indicada no documento 230399117 é A. B. Acuña Sanín.

SEGUNDO.- Conceder aos/as solicitantes que se relacionan no Anexo 4 deste acordo que emendaron en prazo a súa solicitude para as “axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio” coa asignación económica de 205 euros por cada fillo/filla matriculado/a en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria, Formación Profesional Básica e Educación Especial, en centros docentes públicos e privados concertados sitos en Vigo, ou que estean empadroados/as en Vigo e matriculados/as nas mesmas etapas educativas en centros sostidos con fondos públicos sitos noutros municipios, por importe total de **111.315,00 euros** con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0000 “Plan extr. axudas familias fillos escolarizados”.

TERCEIRO.- Denegar as solicitudes que non acreditan o cumprimento de algún requisito da convocatoria ou non teñen achegada a documentación esixida (Anexo 5).

CUARTO.- Dispoñer a publicación da relación de axudas concedidas tras subsanación (Anexo 4) e a relación de solicitudes denegadas ao non teren sido emendadas en prazo (Anexo 5) na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org, no portal de transparencia e no Taboleiro de Editos.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á publicación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(361).-BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO. EXPTE. 20831/77.

Visto o informe de fiscalización de data 08/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 30/04/2024, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

S. Ord. 20/05/2024

I. ANTECEDENTES

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2024*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería da área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude pon en marcha o presente programa de activación do emprego, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Este programa de emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses da convocatoria anual, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo neste programa estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

Todos os colectivos recollidos nas bases de convocatoria están a ser nestes momentos, obxectivos prioritarios das medidas activas de emprego promovidas dende este Concello. Con este programa, perséguese ampliar a oferta formativa teórica, complementándoa co traballo en obra, e así dotar de experiencia práctica á formación, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías, a especialización e a mellora da profesionalidade dos participantes.

II. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b) desde o departamento de Desenvolvemento Local e Emprego.

Neste eido cómpre destacar que en expte. núm. 20728/77 consta remitido en data 15/03/2024 oficio (xunto cas bases reguladoras da presente convocatoria) dirixido á Dirección Xeral de Administración Local, dependente da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, de solicitude de informe dacordo co establecido no artigo 7.4 LRBRL, sobre a utilización do contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral “Vigo Emprega 2024” do Concello de Vigo, por canto requiriría a súa consideración como programa de fomento de emprego subsumible nas políticas activas de emprego do Texto Refundido da Lei de Emprego (en cumprimento da nova DA 9ª introducida pola vixente reforma laboral).

Con data 22/04/2024 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego Programa “Vigo Emprega 2024” do Concello de Vigo, coas obrigas e condicionantes establecidos legalmente, dacordo co sinalado no informe-proposta do subdirector xeral de Réxime Xurídico Local: *“Dado que non se aprecia que se incorra nun suposto de execución simultánea do mesmo servizo público coa Administración Autónoma e sempre que se cumpran as condicións de exercicio previstas e comunicadas, e a normativa aplicable en canto estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda.”*

III. BASES REGULADORAS:

As Bases reguladoras do programa establecen que as ocupacións a contratar estean relacionados coas seguintes profesións:

<i>Auxiliar administrativo</i>	<i>Oficial carpintería de aluminio</i>	<i>Oficial fontanería</i>
<i>Técnico Auxiliar de PRL</i>	<i>Oficial carpintería de madeira</i>	<i>Oficial mecánico de maquinaria</i>
<i>Capataz construción</i>	<i>Oficial carpintería metálica</i>	<i>Oficial pintura</i>
<i>Oficial albanelería</i>	<i>Oficial condutor</i>	<i>Oficial xardinería-forestal</i>
<i>Oficial electricidade</i>	<i>Peóns xardinería- forestal</i>	<i>Peóns construción</i>
<i>Delineante</i>		

A **Base 4ª DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN** establece que os contratos terán unha duración máxima de 6 meses que coincidirá ca duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (Artigo 1 do Capítulo 1 do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano), **a xornada completa, na modalidade de contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2024 para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

Ao abeiro das modificacións introducidas polo art. 1.3 do Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo - redactado conforme á corrección de erros publicada en BOE núm. 16, de 19 de xaneiro de 2022 (con entrada en vigor o 30 de marzo de 2022 (D.F. 8.2.b) do citado Real Decreto-lei) – as administracións públicas poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses (Disposición Final segunda).

A este respecto, cómpre indicar que con data 22/04/2024 a Dirección Xeral de Administración Local, informa favorablemente o Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral, Vigo Emprega 2024 do Concello de Vigo, extractando parte do informe emitido pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través da Secretaría Xeral de Apoio ao Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social de data 23 de marzo de 2023 no que sinala que: "(...) *non existe incompatibilidade PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL 2024 do Concello de Vigo, por tratarse dunha medida municipal de fomento do emprego e a súa concesión deberá axustarse aos criterios obxectivos que recollen as bases reguladoras das axudas,....(...)*". E sinala tamén que: "(...), *dado que as políticas activas da Xunta de Galicia se modifican cada ano en coordinación co SEPE e demais servizos públicos das CCAA a través do Programa Anual de Fomento do Emprego Digno, o presente informe se emite unicamente para a liña de axuda que convoque para este ano 2024 o Concello de Vigo, debendo ser novamente informadas as liñas de axuda ou convocatorias sucesivas, para comprobar a compatibilidade coas que ese ano teña previsto a Xunta de Galicia..*".

As retribucións dos traballadores beneficiarios serán as establecidas no "Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego", que se atope en vigor no momento da contratación, e en concreto as



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

establecidas no **Capítulo 1, artigo 1.3** do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos.

- Base 7ª. FORMACIÓN:

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarse o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio acoutadas por un período máximo de 6 meses; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarse ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

PLAN FORMATIVO	Nº HORAS ESTIMADAS	TEMÁTICA	ESPECIALIDADE
<i>Nivel básico de prevención de riscos laborais</i>	60	Iniciais	PRL
<i>PRL para traballos no sector da construción</i>	6		
<i>PRL específico para xardinería</i>	6		
<i>PRL específico para albanelería</i>	8		
<i>Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante</i>	5		
<i>Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores</i>	5		
<i>Primeiros auxilios</i>	20		
<i>Manexo seguro de maquinaria de construción</i>	5		
<i>Plataformas elevadoras</i>	2		
<i>Montaxe de andamio Tubular</i>	10		
<i>Diagnose e reparación de humidades en obras de rehabilitación.</i>	21	Especialización Técnica	Construción
<i>Aillamentos para a rehabilitación.</i>	28		
<i>Instalador de falsos teitos, trasdosados e tabiques de placa de seixo laminado.</i>	28		
<i>Xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción</i>	14		
<i>Operacións básicas de soldaxe aplicadas en procesos de mantemento industrial</i>	28		
<i>Pintura decorativa en construción</i>	21		
<i>Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación. Madeira</i>	21		
<i>Operacións de fontanería e calefacción- climatización doméstica</i>	21		
<i>Instalacións solares fotovoltaicas</i>	28		
<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	10	Orientación Sensibilización	Comúns
<i>Igualdade de oportunidades</i>	10		
<i>Tramitación e administración dixital</i>	10		
<i>Habilidades Sociais</i>	5		
<i>Sensibilización Ambiental</i>	10		
<i>Planificación e deseño de xardíns (paisaxismo)</i>	14	Especialización técnica	Xardinería
<i>Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas</i>	25		
<i>Podas ornamentais e podas forestais</i>	7		
<i>Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe</i>	21		
<i>Tratamento e erradicación de especies invasoras</i>	14		
<i>Procesamento dos restos vexetais e produción de biomasa</i>	21		

- Base 8ª. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN:

- Publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma do anuncio do inicio do procedemento de selección de candidatos ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.
- O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.
- Posteriormente, procederase á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.
- Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase á realización das probas: escrita e práctica.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

- **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicítase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

- **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse dacordo a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que "NSNM" e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

- Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

IV. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO :

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 1 de marzo de 2024 adoptou o acordo de actualización das retribucións do persoal traballador beneficiario e técnico e xestor, incluídas nas táboas salariais do "Acordo marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan municipal de emprego 2004-2007", prorrogado para o presente ano, derivadas da entrada en vigor da "Resolución de 5 de outubro de 2023, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se dictan instrucciones sobre el pago al personal del Sector

Público Estatal del incremento retributivo adicional del 0,5 por ciento vinculado a la evolución del IPCA previsto en el artículo 19.Dos.2.a) de la Ley 31/2022, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2023', co 0,5% de subida adicional como consecuencia da evolución do IPC armonizado (IPCA)", así como a "Resolución de 7 de febrero de 2024, de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos, por la que se publica el Acuerdo del Consejo de Ministros de 06/02/2024, por el que se aprueba el incremento del 0.50 % en las retribuciones del personal al servicio del sector público en aplicación de lo previsto en el artículo 19.Dos.2.b) de la Ley 31/202, de 23/12, de PGE para el año 2023" e do "Real Decreto 145/2024, de 6 de febrero, por el que se fija el salario mínimo interprofesional para 2024", para establecer os salarios correspondentes a este ano 2024, a todo o persoal traballador contratado ao abeiro do Plan Municipal de Emprego.

Finalmente, a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05/04/2024, acordou aprobar a proposta de actualización da estrutura salarial logo da Comisión de Seguimento do Acordo Marco reunida o pasado 12 de marzo de 2024, formada por representantes do Concello de Vigo, e doutra parte, polas centrais sindicais, CC.OO, UXT e CIG con lexitimación para a negociación da dita proposta de actualización salarial do persoal beneficiario, a fin de garantir unha estrutura salarial coherente coas funcións, coñecemento e responsabilidade correspondente a cada posto de traballo, que manteña as diferencias mínimas entre postos atendendo á súa responsabilidade, categoría e funcións (táboas salariais publicadas no BOPPO núm. 74 do Martes, 16 de abril de 2024):

Categoría	Salario mes	Prorrata pagas extras	Importe bruto mes	Base cotización	CNAE/ Cód. Ocup.	% cotización	Cotización SS empresa	Custe total estimado
Delineante	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/-	33,33	575,97 €	2.304,04 €
Técnico Auxiliar PRL	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/-	33,33	575,97 €	2.304,04 €
Capataz-construción.	1.481,20 €	246,87 €	1.728,07 €	1.728,07 €	84/d	38,38	663,23 €	2.391,30 €
Oficial albanel	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial carpintería aluminio	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial carpintería madeira	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial carpintería metálica.	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial conducción	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/f	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial desinfección	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/g	35,28	519,09 €	1.990,42 €
Oficial electricista	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial fontaneiro	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial mecánico maquinaria	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial pintor	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/d	38,38	564,70 €	2.036,03 €
Oficial xardinaría	1.261,14 €	210,19 €	1.471,33 €	1.471,33 €	84/g	35,28	519,09 €	1.990,42 €
Auxiliar administrativo	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/a	33,18	438,97 €	1.761,97 €
Peón construción	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/d	38,38	507,77 €	1.830,77 €
Peón xardinaria-forestal.	1.134,00 €	189,00 €	1.323,00 €	1.323,00 €	84/g	35,28	466,75 €	1.789,75 €

Os custos totais estimados das retribucións do persoal beneficiario a contratar serán determinados na aprobación da convocatoria pola Xunta de Goberno Local para o 2024, cuxo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

prazo estimado de contratación será, a partir do 1 de setembro de 2024 ata o 28 de febreiro de 2025 polo que os custos totais concretanse nos dous exercicios orzamentarios e aplicaríanse ás partidas orzamentarias seguintes do orzamento municipal correspondente aos anos 2024 e 2025:

- 2410 1310000 "PLAN DE EMPREGO INSERCIÓN LABORAL" SALARIOS:
- 2410 16000001 "PROGRAMA EMPREGO INSERCIÓN LABORAL, SS..SS.":

V. ÓRGANO COMPETENTE

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985 é competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local a proposta da concelleira delegada.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente para informe da Área de RRHH e Formación e da Intervención Xeral do Concello.

VI. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativo (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes da área de RRHH e da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía-Presidencia do 17 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo" e acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de xuño de 2023 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias", propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

S. Ord. 20/05/2024

1. **Aprobar as bases de selección** de persoas candidatas a beneficiarias do PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, VIGO EMPREGA 2024 que se achegan no anexo I.
2. **Proceder á publicación das bases de selección** no Boletín Oficial da Provincia e Pontevedra, no taboleiro de anuncios, na web municipal e no portal de transparencia, para xeral coñecemento. Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO PARA FOMENTAR A INSERCIÓN LABORAL, 2024

A unidade administrativa de Desenvolvemento Local e Emprego pertencente á área de goberno de Emprego, ten encomendado o deseño e posta en marcha da proposta de actuación de desenvolvemento denominada "*Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral*" co obxectivo de mellorar a formación e facilitar a adquisición de maiores habilidades profesionais das persoas beneficiarias mellorando así, a súa capacitación e competencia profesional.

Para desenvolver estes obxectivos, a Tenencia de Alcaldía e Concellería delegada de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, pon en marcha este plan, concretado na realización de contratos de duración determinada en ocupacións directamente relacionadas cos obxectivos do mesmo, que resultan necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, de carácter substantivo e propio, aprobadas pola Xunta de Goberno Local; e diferenciadas das tarefas e funcións propias do persoal estatutario do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio cuxo artigo 1 ARCT-CC establece claramente que só é aplicable aos empregados municipais "*integrados no seu cadro de persoal*".

Os contratos de traballo e a relación das persoas contratadas polo Concello de Vigo no Plan Municipal de Emprego, estarán reguladas dentro do marco normativo que establece o Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, como referencia retributiva e de condicións sociais a aplicar nos contratos laborais temporais realizados ao abeiro do dito Plan así como descrición dos diferentes colectivos que participan no desenvolvemento dos programas de emprego do citado Plan; dotando ao programa dunha substantividade propia, dunha estrutura totalmente definida, concreta en todos os aspectos que teñen relevancia no desenvolvemento



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

dos seus obxectivos e configurando un marco de referencia para todas as persoas traballadoras beneficiarias contratadas.

O Plan Municipal de Emprego non ten por obxecto constituír unha vía de acceso a postos de traballo, prazas e funcións propias do persoal da administración pública nin substituílo, ao tratarse dunha iniciativa onde a oferta das ocupacións responde directamente á realización dun programa de obras, actuacións e formacións concretadas previamente pola Xunta de Goberno Local e cunha duración determinada máxima de 6 meses en cada unha das dúas quendas previstas, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

2. OBXECTO

O PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO é un plan de acción directa, concretado na realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

As actuacións a desenvolver atenden ás propostas remitidas polos diferentes servizos municipais e que non se incardinan dentro dos servizos municipais ordinarios que ven proporcionando a administración municipal, senón en actuacións de mellora e rexeneración da contorna urbana.

3. OCUPACIÓNS BÁSICAS.

As contratacións no marco do Plan Municipal de Emprego efectuaranse no desenvolvemento das seguintes profesións: peóns, oficiais, capataces, e persoal técnico e administrativo, todos eles, beneficiarios/as. O número de persoas beneficiarias a seleccionar determinarase no momento da publicación das bases da convocatoria de contratación, unha vez fiscalizadas e feita a correspondente e previa consignación pola Intervención Municipal para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, nas seguintes categorías ou grupos profesionais:

- *Auxiliar administrativo*
- *Delineante*
- *Técnico Auxiliar Prevención Riscos Laborais*
- *Capataz construción*
- *Oficial albanelería*
- *Oficial carpintería aluminio*
- *Oficial carpintería madeira*
- *Oficial carpintería metálica*
- *Oficial condutor*
- *Oficial electricidade*
- *Oficial fontanería*
- *Oficial mecánico mantemento maquinaria*
- *Oficial pintura*
- *Oficial xardinería-forestal*
- *Peóns construción*
- *Peóns xardinería-forestal*

4. DURACIÓN, MODALIDADE E RETRIBUCIÓN.

O Plan Municipal de Emprego 2024 é un instrumento elaborado para a realización de contratos de duración determinada (máximo 6 meses) que resulten necesarios para a execución de obras de interese municipal creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana.

4.1. Duración.-

- Como **máximo 6 meses**, coincidindo coa duración da convocatoria anual para o presente ano, e coas limitacións que se establecen no propio plan.
- As persoas traballadoras seleccionadas ao abeiro deste programa temporal, deben cesar en canto remate a devandita convocatoria do Plan Municipal de Emprego, debedo figurar esta cláusula no apartado correspondente (fin do contrato), do modelo do contrato a formalizar polas persoas beneficiarias seleccionadas.
- Establécese un período de proba con carácter xeral para as persoas contratadas dun mes.

A formalización, duración e incidencias dos contratos que se realicen finalmente ás persoas aspirantes seleccionadas, estarán suxeitas, en todo caso e, respecto de calquera outra incidencia da relación laboral que se considere oportuno engadir en base á lexislación vixente, de acordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

4.2. Modalidade.-

Estímase oportuna a modalidade de **contrato de duración determinada** (artigo 1º Acordo Marco), **a xornada completa**, na modalidade de **contrato para a mellora da ocupación e a inserción laboral (código 405)** que se xunta ás presente bases reguladoras, cos dereitos e obrigas que leva implícito; en todo caso terase en conta, segundo o tipo e categoría a cubrir, a modalidade, duración e calquera outra incidencia da relación laboral, que se considere oportuno en base á lexislación vixente dacordo ao contido dos informes de RRHH e da Intervención Xeral.

Así mesmo, en calquera caso deberá figurar no obxecto do contrato a denominación e duración do **Plan Municipal de Emprego para Fomentar a Inserción Laboral** para a realización de obras e/ou servizos de interese municipal.

4.3. Retribucións.-

- As retribucións das persoas traballadoras beneficiarias serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, segundo as táboas salariais que se atopen en vigor no momento da contratación, e en concreto as establecidas no Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as), que quedarán recollidas nos respectivos contratos; resultando ditas retribucións diferenciadas do persoal do Concello de Vigo regulado polo seu propio convenio, que dispón dunha estrutura salarial dotada cos complementos (CE e CD) ligados á valoración dos postos.
- As táboas salariais poden ter un incremento salarial en base ás actualizacións que teñan lugar no mencionado Acordo marco de referencia e cas actualizacións que sexan de aplicación do Salario Mínimo Interprofesional.
- As vixentes retribucións por categoría profesional do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego, actualizadas cos incrementos salariais efectuados en 2024, son as seguintes:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Categoría	Importe bruto mes
Delineante	1.728,07
Tecnico Aux. PRL	1.728,07
Capataz-Construción	1.728,07
Oficiais (albanel, condución, electricista, fontaneiro, mecánica maquinaria, pintor, xardinería,) de carpintería (aluminio, madeira metálica)	1.471,33
Peóns (xardinería e construción)	1.323,00
Auxiliar administrativo	1.323,00

5. REQUISITOS BÁSICOS

1. Ter 18 anos cumpridos e capacidade legal para ser contratado/a de conformidade coa lexislación vixente. Non poderán ser contratadas persoas que superen a idade legal de xubilación establecida con carácter xeral.
2. Ter capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais na ocupación solicitada. Sendo obrigatorio polas persoas candidatas a comunicación expresa das limitacións que poidan condicionar o desenvolvemento habitual das ditas tarefas propias e habituais do posto de traballo ao que se presenta.
3. Ser persoa desempregada e inscrita como demandante de emprego nalgunha das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, na data de solicitude de candidatos ao SPEG. Non se admitirán situacións de mellora de emprego.
4. Estar empadroada no Concello de Vigo, cando menos 12 meses antes da solicitude de persoas candidatas ao Servizo Público de Emprego de Galicia.
5. Non ter sido persoal contratado por este Concello con data fin de contrato, cando menos 12 meses antes da solicitude de persoas candidatas ao Servizo Público de Emprego de Galicia, en ningún dos seguintes programas: VIGO EMPREGA, Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego, Programas de Cooperación Xunta-Entidades Locais, Plan Municipal de Emprego, ou cun contrato temporal ou de interinidade.
6. Non ter sido sancionada e/ou aberto expediente disciplinario como persoa traballadora deste en calquera dos programas recollidos no parágrafo anterior ou en calquera outra relación contractual co Concello de Vigo, por ter incorrido en falta grave ou moi grave, sendo resultado da apertura dalgún expediente de carácter disciplinario, ou ter incorrido en faltas leves de maneira reiterada.
7. Non poderán participar na mesma convocatoria do Plan Municipal de Emprego dúas persoas pertencentes á mesma unidade de convivencia familiar, ben sexan por consanguinidade ou afinidade ata un segundo grao e/ou teñan relación conxugal ou como parella de feito.

S. Ord. 20/05/2024

8. As persoas estranxeiras non comunitarias deben ter permiso de traballo en vigor, temporal ou permanente en regra, que autorice a traballar, na data da convocatoria, e mantendo esta situación ata o momento da contratación.
9. Presentar a documentación completa e en regra, requirida polo Programa e polo SPEG no prazo establecido na convocatoria. O incumprimento dos prazos implicará a exclusión automática do proceso de selección.

6. REQUISITOS ESPECÍFICOS

OCUPACIÓN	REQUISITOS	CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios)
<i>Auxiliar administrativo/a</i>	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<i>Técnico de Prevención de Riscos Laborais</i>	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: Técnico de Prevención de Riscos Laborais.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<i>Delineante</i>	Diploma ou certificación de estar en posesión da formación académica correspondente: formación profesional de grado medio ou superior.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<i>Capataces</i>	Posuír a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de capataz no oficio correspondente. Experiencia mínima de 2 anos no mesmo posto e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 6 segundo establece o Informe de Vida Laboral e que ademais figure como capataz ou encargado segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
<i>Oficiais de oficios (nas especialidades que se indican no apartado 3º destas bases)</i>	Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais. Ter a experiencia e/ou formación que acredite a categoría de oficial no oficio ao que opta. Valorarase a formación recibida. Experiencia mínima de 1 ano na mesma ocupación e de igual categoría. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª, segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

OCUPACIÓN	REQUISITOS	CATEGORÍA segundo Acordo Marco do Plan Municipal de Emprego do Concello de Vigo (beneficiarios)
Oficiais condución	Os condutores deberán estar en posesión de tódolos permisos Profesionais e de conducir, obrigatoriamente B, C, D, E, actualizados e en vigor. Ter un coñecemento exhaustivo e facer o seguimento das normas no relativo á saúde laboral e á prevención de riscos laborais. Experiencia mínima de 2 anos como condutor de vehículos. A categoría mínima que se valorará será do grupo de cotización 8 ou 9 segundo establece o Informe de Vida Laboral e como oficial de 1ª ou 2ª segundo veña recollido nos contratos de traballo, certificados de empresa ou no seu defecto, nóminas.	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)
Peóns/oas	Non é necesaria cualificación previa no tipo de traballo a desenvolver	Capítulo 1, artigo 1.3 do acordo marco de referencia (beneficiarios/as)

7. FORMACIÓN

O artigo 2º do Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007, prorrogado para este ano, establece a necesidade, *en todos os casos, de desenvolver complementariamente á realización das funcións propias de cada contrato (nos casos nos que non estea considerado), unha acción formativa intensa, tanto en competencias profesionais das persoas participantes, como en competencias persoais, dúas das facetas determinantes no referido ás condicións de ocupabilidade das persoas. Como mínimo dedicarase o 15% do tempo do contrato a formación. Dependendo das características de cada programa/proxecto, e dentro das súas posibilidades, tenderase a concentrar a formación nun día á semana.*

A modalidade de contrato de duración determinada reflectida na Base Cuarta para desenvolver as actuacións previstas neste plan **non é un contrato formativo** dos contemplados pola vixente lexislación laboral (artigo 11 ET), senón un contrato para a execución de obras de interese municipal de carácter substantivo e propio non relacionadas ca actividade propia da Administración municipal e acoutadas por un período máximo de **6 meses**; o que obriga a adicar *o 15% do tempo do contrato a formación, tanto en competencias profesionais como en competencias persoais*, aos efectos de dar estrito cumprimento ao establecido no artigo 2 do referido Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007.

A este respecto, a carga formativa do programa articularase dentro do horario laboral complementándoa co traballo en obra, e adaptarase ás necesidades do entorno e do mercado laboral propio da cidade de Vigo e da súa Área Metropolitana, apostando pola innovación, a aplicación de novas técnicas e tecnoloxías e a especialización, estimando desenvolver a seguinte oferta formativa prevista:

PROGRAMA DE FORMACION	Nº HORAS	Temática	Especialidade
<i>Nivel básico de prevención de riscos laborais</i>	60h	Iniciais	PRL
<i>PRL para traballos no sector da construción</i>	6h		
<i>PRL específico para xardinería</i>	6h		
<i>PRL específico para albanelería</i>	8h		
<i>Riscos e medidas preventivas asociadas ao manexo de grúa autocargante</i>	5h		
<i>Seguridade e manexo de plataformas elevadoras e camión portacontedores</i>	5h		
<i>Primeiros auxilios</i>	20h		
<i>Plataformas elevadoras</i>	2h		
<i>Manexo seguro de maquinaria de construción</i>	5h		
<i>montaxe de andamio tubular</i>	10h		
<i>Diagnose e reparación de humidades en obras de rehabilitación</i>	21h	Especialización técnica	Construción
<i>Aillamentos para a rehabilitación.</i>	25h		
<i>Instalacións de falsos teitos, trasdosados e tabiques de placa de seixo laminado</i>	28		
<i>Xestión de equipos e organización do traballo en obras de construción (capataces)</i>	14h		
<i>Operacións básicas de soldaxe aplicadas en procesos de mantemento industrial</i>	28h		
<i>Pintura decorativa en construción</i>	21h		
<i>Materiais e técnicas construtivas en rehabilitación.Madeira.</i>	21h		
<i>Operacións de fontanería e calefacción- climatización doméstica</i>	21h		
<i>Instalacións solares fotovoltaica</i>	28h		
<i>Xornada orientación laboral e busca de emprego nas redes sociais.</i>	10h	Orientación e Sensibilización	Comúns
<i>Igualdade de oportunidades</i>	10h		
<i>Curso de resolución de conflitos e toma de decisións.</i>	10h		
<i>Habilidades Sociais</i>	5h		
<i>Sensibilización Ambiental</i>	10h		
<i>Planificación e deseño de xardins</i>	14h	Técnicación/ Especialización	Xardinería
<i>Aplicador de produtos fito-sanitarios e biocidas</i>	25h		
<i>Podas ornamentais e podas forestais</i>	7h		
<i>Tratamento de restos e residuos forestais e vexetais, reciclaxe, procesamento de restos vexetais"</i>	21h		
<i>Tratamento e erradicación de especies invasoras</i>	14h		

Todas as persoas candidatas seleccionadas para formar parte do Plan Municipal de Emprego deberán obrigatoriamente subscribir un compromiso en virtude do cal, se comprometen a levar a cabo as accións formativas que o equipo técnico considere oportunas en aspectos relacionados ca ocupación para a cal foron contratados.

A negativa a subscribilo, suporá a exclusión do proceso selectivo e o seu incumprimento por parte persoas beneficiarias durante o período de contrato poderá ser motivo de cese laboral, é dicir, a rescisión do contrato laboral.

PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

8. FASES DO PROCESO DE SELECCIÓN

1. Publicación das bases reguladoras da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, no taboleiro electrónico de edictos e anuncios do Concello de Vigo e na páxina web municipal, así coma anuncio do inicio do procedemento de selección de persoas



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

candidatas ao programa (pode ser publicado tamén na prensa local). Publicarase anuncio no Diario Oficial de Galicia da publicación das bases no BOPPO.

2. O departamento municipal de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo, solicitará ao SPEG as persoas traballadoras que correspondan, de acordo coas características recollidas nas bases mediante a remisión da correspondente Oferta de Emprego, facendo referencia ás características que deben reunir as persoas traballadoras que se contratarán para o adecuado desempeño das funcións inherentes ás categorías profesionais das ocupacións ofertadas. As Oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia en Vigo, serán as encargadas de enviar as persoas candidatas solicitadas. As ofertas de emprego tramitaranse na oficina de emprego e serán obxecto de difusión pública no Portal de Emprego de Galicia no prazo que se indique na oferta.
3. Posteriormente, procederase á comprobación da documentación requirida e o cumprimento de requisitos básicos. As persoas que non cumpran o perfil definido nestas bases serán inadmitidos e non accederán ao proceso selectivo.
4. Unha vez publicada a relación de persoas candidatas admitidas procederase á realización das probas: escrita e práctica.
5. **Proba Escrita (máximo 2 puntos)**

A proba terá un mínimo de vinte (20) preguntas, e deberá ser capaz de avaliar a actitude e interese que demostra a persoa candidata, na participación no programa, e a posible adecuación do seu perfil á finalidade do mesmo. Valoraranse aspectos ocupacionais, rasgos de personalidade, actitude ante o programa. Incidirase en aspectos vinculados á busca de emprego, a orientación persoal, a formación para o emprego, o interese polo desempeño e o rendemento.

Solicitarase información ás persoas candidatas sobre: as condicións sociolaborais do contrato e as características da contratación, o estado anímico, o estado físico, o interese polo emprego, competencias profesionais e coñecementos relacionados co posto.

Os puntos obtidos nesta fase sumaranse ao resto das puntuacións que se acaden, sempre que a persoa candidata non obteña a cualificación NSNM (non supera a nota mínima); consideraranse NSNM as persoas candidatas que obteñan unha puntuación igual ou inferior a 1 punto.

As persoas candidatas cunha cualificación de "NSNM", serán excluídas do proceso de selección.

6. **Proba práctica (máximo 4 puntos)**

A Comisión de Selección proporá as probas prácticas relacionadas coas funcións e tarefas das categorías profesionais das ocupacións ofertadas. Valoraranse competencias básicas onde os candidatos aplicarán habilidades profesionais básicas relacionadas co oficio e os coñecementos técnicos necesarios. As probas estarán apoiadas por asesores técnicos do Plan Municipal de Emprego e dos diferentes Servizos Municipais que colaboran no deseño, control e concreción técnica desta avaliación.

- Persoal técnico e Administrativo, capataces, e oficiais de oficios: as probas realizaranse para que os/as candidatos/as, demostren o seu coñecemento da profesión. As probas deseñaranse de acordo a profesión e as tarefas máis comúns que se teñen previsto desenvolver conforme ás obras aprobadas pola Xunta de Goberno Local.

- Peóns, as probas prácticas son xenéricas de coñecemento básico de ferramentas e utilización das mesmas, sen que, para o desenvolvemento sexa necesaria experiencia práctica en obras públicas, xardinería ou limpeza.

No caso de obter unha puntuación igual ou inferior a 1 punto, considerarase que “NSNM” e a persoa quedará excluída do proceso de selección.

7. Unha vez rematada a proba práctica publicaranse as notas e procederase á **fase de baremación** dos candidatos pola Comisión de selección, coa asistencia do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

9. VALORACIÓN DE PERSOAS CANDIDATAS A BENEFICIARIAS

Dada a natureza e especiais características do Plan Municipal de Emprego, o procedemento de selección terá en conta, os diferentes colectivos entre os que se seleccionarán ás persoas candidatas; concretamente:

9.1. O persoal administrativo e técnico beneficiario será seleccionado, preferentemente, entre as candidaturas remitidas polo SPEG que pertencen ao colectivo de persoas menores ou iguais a 30 anos en busca do seu primeiro emprego.

9.2. Valoración da experiencia laboral e formación dos capataces e oficiais.

O Plan Municipal de Emprego necesita incorporar un número de profesionais con experiencia profesional e con certas habilidades formativas nos oficios relacionados coa construción e os servizos.

Deste xeito, valorarase a experiencia laboral e formación directamente relacionados coa actividade a desenvolver dos capataces e oficiais nos termos que se indican a continuación:

- **Experiencia laboral:** 0,1 puntos/mes que exceda do mínimo esixido (máximo 5 puntos)
- **Formación:** (máximo 3 puntos)
(só se puntuará cada curso unha vez, aínda que se repetise en varias ocasións ou se realizase con diferentes entidades)

Relacionada co posto (recibida ou impartida):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10
Por cada curso de entre 50 e 99 horas	0,20
Por cada curso de entre 100 e 199 horas	0,30
Por cada curso igual ou superior a 200 horas	0,40

Relacionada coa Prevención de Riscos Laborais

Curso básico de Prevención de entre 0 e 30 horas	0,20
Curso de Prevención de entre 31 e 50 horas	0,40
Curso de Prevención de máis 50 horas	0,60

Relacionado directamente coa especialidade:

Tarxetas ou carnets profesionais	0,50
----------------------------------	------



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

9.3. Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza nos postos de peóns de:

9.3.1: 3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as tarefas propias da ocupación, profesión ou oficio.

9.3.2: 28% mulleres.

9.3.3: 2 % vítima de violencia de xénero.

9.3.4: 1 % persoa trans.

9.3.5: 21% persoas menores ou iguais a 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.

9.3.6: 25% persoas entre 31 e 45 anos *DLD.

9.3.7: 20% persoas maiores de 45 anos *DLD.

**DLD: Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de persoas candidatas nas oficinas do SPEG e non superar, neses doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

9.1. Tentarase unha distribución que permita cando menos a presenza nos postos de peóns de:

3% persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% que poidan desempeñar as tarefas propias da ocupación, profesión ou oficio.

22% persoas menores ou iguais a 30 anos, dos que o 50% será o primeiro emprego.

30% mulleres.

25% persoas entre 31 e 45 anos *DLD.

20% persoas maiores de 45 anos *DLD.

**DLD: Levar un mínimo de 1 ano inscrito ininterrompidamente como demandante de emprego nas oficinas do Servizo Público de Emprego, contando dende a data de solicitude de persoas candidatas nas oficinas do SPEG e non superar, neses doce meses anteriores, máis de 90 días traballados.*

COLECTIVO	PUNTUACIÓN
Persoa discapacitada	1
Muller	1
Vítima de violencia de xénero ¹	1
Persoa Trans ²	1
Xente moza menor ou igual a 30 anos.	1
Persoas entre 31 e 45 anos DLD.	0,5
Maior de 45 anos DLD	0,5

- ¹Persoas que teñan acreditada pola Administración competente a condición de vítima de violencia por parte dalgún membro da unidade familiar de convivencia, nos termos da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a violencia de xénero, ou de vítima de violencia doméstica.
 - ²Persoas trans terá acreditado ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben a cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer. a aquela persoa que se identifique cun xénero diferente ao que lle asignaron ao nacer.
- **Aplicaranse as puntuacións da táboa anterior en función do colectivo polo que foron preseleccionados na oficina do SPEG de Vigo, e aplicaráselles, se é o caso, un 0,20 puntos por cada requisito que cumpran dos segundos ou subseguintes colectivos.**

10. FINALIZACIÓN DO PROCESO DE SELECCIÓN E LISTAXES DE SUBSTITUCIÓN.

Realizada a baremación das persoas candidatas, procederase á publicación das listaxes cas puntuacións totais acadadas polos beneficiarios a contratar, xunto ca listaxe de suplentes.

Establécense coma criterios de desempate das puntuacións totais acadadas, os seguintes:

1º.- Maior puntuación obtida na proba práctica.

2º.- Maior puntuación obtida na proba escrita.

3º.- Orde alfabética do segundo apelido.

As persoas candidatas que non fosen contratadas e tivesen superado o proceso selectivo, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, aos efectos de poder ser contratados para substitucións ou renuncias doutros/as traballadores/as para este programa de emprego e para ocupacións de igual categoría e cualificación.

11. PERSOAS CANDIDATAS CON DISCAPACIDADE

As persoas candidatas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (acreditado mediante certificación emitida polas entidades competentes) deberán achegar con carácter previo á contratación, o informe de compatibilidade do EVO onde se acredite a compatibilidade da discapacidade coas tarefas a desenvolver na ocupación profesional á que se presenta.

De resultar necesario, e coa finalidade de axilizar os trámites, poderase autorizar ao persoal responsable do programa para solicitar ás oficinas do EVO as certificacións necesarias das persoas seleccionadas.

Sen a presentación do informe, non poderán ser contratadas para a participación neste programa.

En todo caso, as persoas candidatas, terán a obriga de informar expresamente do seu estado biolóxico se teñen discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou cando se atopen en situacións transitorias, que non sexan compatibles coas exigencias psicofísicas das respectivas ocupacións profesionais ás que optan.

No caso de enfermidades crónicas, lesións ou problemas de saúde, as persoas candidatas, terán a obriga de informar ao servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, no momento da achega da documentación previa ao proceso de selección, e en todo caso, deberán presentar certificación médica que acredite o estado biolóxico compatible da persoa candidata coas tarefas e funcións a desenvolver na categoría ou grupo profesional da ocupación á que se presenta.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

12. COMISIÓN DE SELECCIÓN

O órgano de selección terá carácter colexiado, actuando tódolos membros con voz e voto, a excepción do secretario/a, e comparecerán a título individual en cumprimento do art. 60, do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

Composición:

- A Xefatura do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo e no caso da creación de máis dunha comisión, funcionario/a ou laboral fixo relacionado coas ocupacións obxecto da convocatoria
- Un/ha funcionario/a do Concello de Vigo que actuará como Secretaria/o.
- Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo do Concello de Vigo.

Poderán nomear asesores especialistas na materia, que comparecerán a título individual e cumprindo co disposto no art. 60 do TREBEP.

A/O secretaria/o, preferentemente da rama xurídica, intervirá con voz e sen voto, con funcións de asesoramento legal ao órgano de selección, custodia dos exames e actas, elaboración de actas e acordos e informe xurídico en relación cos recursos administrativos que poidan presentarse contra os actos e acordos do órgano de selección. Igualmente deberá realizar as funcións previstas no artigo 16 da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Tódolos membros da Comisión de Selección serán propostos pola Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude xunto coas persoas titulares e suplentes correspondentes, con titulación igual ou superior á do grupo ou categoría profesional da ocupación ofertada, debendo comparecer todos eles a título individual e cumprindo co estipulado no art. 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

O órgano de selección en canto á súa composición e funcionamento, deberá respectar obrigatoriamente o disposto no artigo 60 do Real Decreto legislativo 5/2015 do 30 de outubro Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, así coma calquera outra normativa legal vixente de aplicación.

Da valoración que a Comisión de Selección realice das persoas candidatas, emitirase Acta co listado do persoal seleccionado.

A Comisión de selección contará co asesoramento técnico do persoal do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, que estime necesario. Os membros da comisión de selección e o seu persoal asesor especialista, percibirán como resultado da súa participación na mesma, as dietas que a normativa en vigor establece.

A participación neste proceso selectivo implica aceptar a utilización dos datos persoais das persoas candidatas á Concellería de Emprego, exclusivamente para os fins que se definen nestas bases de convocatoria, cumprindo os requisitos establecidos no Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

7(362).- REINTEGRO PARCIAL DA AXUDA CONCEDIDA AO ABEIRO DAS AXUDAS MUNICIPAIS Á CONTRATACIÓN 2022. EXPTE. 20777/77.

Visto o informe de fiscalización de data 06/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 25/04/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL)
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022.

ANTECEDENTES

Con data do 21.04.2022 e documento co núm. de rexistro 220079130 a entidade Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 presentou solicitude de Axuda Municipal á Contratación 2022 e a documentación necesaria para completar o expediente de solicitude de subvención do Programa Indefinidos (expte. 19190/77).

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 15.09.2022, sobre unha axuda proposta por importe de 2.000,00€ pola transformación a indefinido do traballador Renato F.A., acordou outorgarlle unha axuda por importe de 1.895,27€ que esgota a partida orzamentaria disposta.

Con data do 19.09.2022 e rexistro de saída número 177592-2022-1 comunícaselle a concesión da axuda, o seu importe, e o prazo para a súa aceptación e presentación da documentación necesaria para a xustificación e pago da mesma.

Con data do 29.09.2022 e documento co núm. de rexistro 220244225 a entidade Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 19656/77 de xustificación e pago da axuda.

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 22.12.2022, acordou outorgarlle unha axuda por importe de 104,73€ que completa á contía da axuda correspondente pola transformación a indefinido do traballador Renato F.A. ata o importe proposto de 2.000,00€.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Con data do 22.12.2022 e rexistro de saída número 217460-2022-1 comunícaselle a concesión do importe que completa a contía da axuda a conceder, que non se concedera no primeiro outorgamento por esgotar a partida orzamentaria.

Con data do 26.12.2022 e documento co núm. de rexistro 220337895 a entidade Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 presenta, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación que actualiza á documentación que xa presentara no expediente 19656/77 necesaria para a xustificación e pago da axuda outorgada, segundo consta no expediente 19656/77 e no expediente 19846/77 de xustificación e pago da axuda.

Con data 10.11.2023 e documento co núm. de rexistro 230354892, a entidade Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 comunica a alteración das condicións de concesión da subvención pola baixa do traballador Renato F.A. con data do 04.11.2023 e, de conformidade coa base a.7.3, presenta oferta de emprego ante o Concello de Vigo e ante o SPEG para a cobertura do posto de traballo vacante.

Con data do 23.02.2024 e documento co núm. de rexistro 240067720, a entidade Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 comunica que *"...según las bases de la subvención presentamos oferta de empleo, pero no hemos conseguido candidatos con el perfil requerido para cubrir al trabajador.*

Que debido a ello solicitamos el reintegro parcial por el tiempo pendiente sin cubrir al trabajador."

A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude resolveu iniciar a tramitación do procedemento de revogación e requirimento de reintegro parcial da subvención concedida a Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022 (expte. 20777/77).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

As Bases reguladoras e convocatoria do programa de Axudas Municipais á Contratación 2022, expediente 18961/77, establecen:

- Na base 2ª, apartado a.4. *Obrigas:*

- no apartado a.4.2.: *"Comunicar ao Concello de Vigo calquera modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude da axuda e das que se tiveron en conta no momento da concesión, así como dos seus compromisos e obrigas."*

- no apartado a.4.5.: *"Ter no seu cadro de persoal á persoa contratada durante un período mínimo dous anos desde a transformación da modalidade do contrato ou, de ser ao contrario, ter cumprido ás condicións da base 2ª, apartado a.7. "*

S. Ord. 20/05/2024

- no apartado a.7.1: *“Comunicarase o cese da actividade ou a modificación das condicións que se produzan a partir da presentación da solicitude. Cando esta comunicación se produza con posterioridade á concesión da subvención, salvo causa xustificada, dará lugar ao reintegro da subvención na proporción que lle corresponda segundo a consecución do tempo do contrato ao abeiro do disposto no punto a.4.5. ”*

- no apartado a.7.3: *“No suposto de extinción da relación laboral da persoa pola que se lle concedeu a subvención, con independencia da causa, procederase á cobertura do seu posto por unha nova persoa traballadora, cun perfil correspondente a unha categoría ou grupo de cotización similar ou equivalente:...*

... - No suposto de non proceder á cobertura da vacante da persoa traballadora pola que se lle concedeu a axuda procederá reintegrar o importe da subvención proporcional ao tempo no que a contratación deixa de ser efectiva segundo o disposto no punto a.4.5 e a LXS. ”

- na Base 5ª, apartado a) *Perda do dereito ao cobro, nulidade e reintegro: “O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, a insuficiente xustificación, así como a obtención concorrente doutras axudas incompatibles dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ó reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora desde o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, sen menoscabo das sancións, que de ser o caso, resulten esixibles.*

... O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a perda ou o reintegro total ou parcial da subvención, adoptarse previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará ao/á beneficiario/a co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada da unidade de Desenvolvemento Local e Emprego.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de reintegro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.”

- Reintegro de subvencións:

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro cando o/a beneficiario/a incorra nalgún dos casos previstos no art. 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O artigo 91 do Regulamento da LXS (aprobado mediante RD 887/2006, do 21 de xullo, RLXS), establece que o beneficiario deberá cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades, e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

subvención e cumprir cos compromisos asumidos con motivo da mesma. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos nas bases reguladoras da subvención.

O procedemento de reintegro da subvención é o establecido no artigo 42 da LXS. A tal efecto, o acordo da Xunta de Goberno Local que determine o reintegro da axuda concedida adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á interesada co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións ou presentar a documentación que considere pertinente e que deberá constar no informe-proposta do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.

Xa que logo, procedeuse mediante orde de inicio do expediente 20777/77, asinada pola A Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude de data do 04.04.2024, ao inicio do procedemento de reintegro parcial da subvención outorgada mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 a prol de Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188, en concepto de Axuda Municipal á Contratación 2022.

Mediante notificación asinada pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data do 05.04.2024, efectuouse o trámite de audiencia e posta a disposición do expediente, a fin de que no prazo de dez días a entidade puidese achegar as alegacións e documentación que considerase oportunas.

O acuse de recibo do 08.04.2024 que obra no expediente deixa constancia da recepción da devandita notificación.

Xa que logo, resulta procedente formular a proposta de acordo de reintegro parcial da subvención outorgada de acordo cos antecedentes e fundamento que consta no expediente 20777/77, de xeito que:

Examinados os expedientes núm. 19190/77 de solicitude da axuda e os expedientes núm. 19656/77 e núm. 19846 de xustificación e pago da axuda concedida, e ao abeiro do disposto nas bases reguladoras da convocatoria e da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia verifícase que

–a empresa solicitou unha axuda pola transformación a indefinido na data do 31/03/2022 do contrato do traballador Renato F.A.

–a empresa aceptou e xustificou a subvención outorgada polo que se procedeu ao seu pago na data do 16.11.2022 (expte. 19656/77) e na data do 09.01.2023 (expte. 19846/77).

–a persoa traballadora Renato F.A. pola que se lle concedeu a axuda causa baixa con data do 04.11.2023 segundo informa a empresa no documento 230354892 presentado no Rexistro Xeral con data do 10.11.2023, de conformidade coa *base a.4.2* e a *base a.7.1*.

S. Ord. 20/05/2024

–de conformidade coa *base a.7.3* a empresa presenta oferta de emprego ante o Concello de Vigo e ante o SPEG; non obstante, non acadan candidaturas co perfil requirido para cubrir o posto de traballo vacante segundo consta no doc. 240067720 do 23.02.2024 e solicita o reintegro parcial da subvención polo tempo pendente para o cumprimento do período de contratación establecido na *base a.4.5*.

–A contratación indefinida se mantivo por un período de 583 días que é inferior a dous anos polo que incumpre o disposto na *base a.4.5*.

Xa que logo, conforme á *base 11ª a)*, resulta procedente a incoación do expediente de REINTEGRO PARCIAL por importe de 380,60€ á entidade Gestión Hotelera Onix Vigo SL co NIF B27780188 e os xuros de mora desde o momento do pago da subvención - tómase como referencia a data do último pago da axuda concedida - ata a data do acordo de procedencia do reintegro na vindeira sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal, segundo a estimación que se achega na seguinte táboa:

Data inicio do cálculo:	09/01/2023	Importe para o cálculo:	380,60 €
Data fin do cálculo:	10/05/2024	Tipo deuda:	Reintegro

Data Inicio	Data Vto.	Días período	Tipo (%)	Principal (€)	Xuros (€)
10/01/2023	10/05/2024	487	4,06	380,60	20,57
Importe total					401,17€

A presente declaración de reintegro total da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

O órgano competente para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local de conformidade co artigo 127.1.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL).

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe a interposición de recurso de reposición ante o órgano que o dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

De conformidade co anteriormente exposto, e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data do 09.06.2023, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO.- Requirir o reintegro parcial da subvención por importe de **380,60€**, outorgada á empresa Gestión Hotelera Onix Vigo SL (B27780188) mediante os acordos da Xunta de Goberno Local do 15.09.2022 e do 22.12.2022, e **20,57€** correspondentes aos xuros de demora xerados desde a data do pago da subvención ata a data da adopción do presente acordo (expte. 20777/77), correspondente á diminución significativa da actuación subvencionada, pola baixa do traballador polo que se lle concedeu a subvención e a imposibilidade da súa substitución, presentada pola beneficiaria nos documentos núm. 230354892 e núm. 240067720.

A presente declaración de revogación e reintegro da subvención deberá ter o seu reflexo na información remitida á Base de Datos Nacional de Subvencións.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado, facendo constar que contra o presente acordo, que esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 029/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Prazos para efectuar o aboamento (art. 62.2 LXT):

Si recibe esta notificación entre os días 1 e 15 de cada mes, ata o día 20 do mes posterior ou, se éste non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Si recibe esta notificación entre os días 16 e o último de cada mes, ata o día 5 do segundo mes posterior ou, se este non fose hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Advertencia:

Transcorridos os anteditos prazos de ingreso en período voluntario sen que se efectuase o ingreso da débeda, iniciárase o período executivo e a recadación efectuarase polo procedemento de constriximento sobre o patrimonio do obrigado ao pagamento, sendo esixibles neste suposto as recargas do período executivo, xuros de mora e costas do procedemento nos termos dos artigos 26 e 28 da LXT (art. 161 LXT).

S. Ord. 20/05/2024

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(363).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE XESTIÓN DO “PROGRAMA COEDUCATIVO DIRIXIDO A PROMOVER A CULTURA DA IGUALDADE E FOMENTAR A PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL E DE EDUCACIÓN PRIMARIA. CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE”. EXPTE. 12850/224.

Visto o informe xurídico de data 08/05/2024 e o informe de fiscalización de data 09/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/04/2024, asinado pola xefa de Igualdade, a concelleira-delegada e a concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.

O programa “CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE” é un programa coeducativo dirixido ao alumnado dos centros de educación infantil e primaria da cidade. Ofrece unha programación permanente en cada centro, desenvolvendo obradoiros temáticos desde a perspectiva de xénero, empregando una metodoloxía lúdica e específica para cada franxa de idade, co obxecto de poñer en acción una estratexia a medio e longo prazo dirixida a reflexionar e promover a igualdade entre sexos partindo desde unha etapa evolutiva na que se conforman as identidades de xénero.

Estes obradoiros están dirixidos ao alumnado de educación infantil e primaria, preferentemente os últimos cursos de cada ciclo. Lévanse a cabo en horario lectivo, nas aulas dos centros escolares, coa presenza do profesorado titor e adaptándose ás necesidades da súa comunidade educativa.

Os obradoiros terán unha duración estimada de 50 minutos para educación infantil e primeiro e segundo ciclo de educación primaria, e de 90 minutos para o último ciclo de primaria.

Calcúlase a prestación de 600 horas de prestación de talleres por curso escolar como máximo.

En data do 19 de marzo de 2024, a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade asinan o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”. O informe é conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio.

En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, en data 20 de marzo de 2024 resólvese o inicio do expediente de contratación pola concelleira da Área de Goberno de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 20/06/2023 (BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023), 28/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) e 30/06/2023 (BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023), e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023 (BOPPO núm. 164 do 25 de agosto de 2023).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade” asinado o 19 de marzo de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade; e o 20 de marzo de 2024 firmado pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 20 de marzo de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 22 e o 24 de marzo de 2024 (operacións 12024000051409-RC e12024000051411-RCFUT).
- Prego de prescricións técnicas particulares asinado o 20 de marzo de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade e conformado nesa data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 20 de marzo de 2024 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia.
- Memoria xustificativa asinada o 26 de marzo de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade, e conformado na mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 26 de abril de 2024 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 29 de abril de 2024 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de 10 meses, sen posibilidade de prórroga.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 37.800,00 €. O importe do valor total estimado do contrato, tendo en conta que non hai posibilidade de prórroga nen de modificación do contrato, é de 37.800,00 €

S. Ord. 20/05/2024

O prezo do contrato (10 meses de duración) é de 37.800,00 €. A actividade está exenta de IVE, conforme co artigo 20.9 da Lei 37/1992 do 28 de decembro do imposto sobre o valor engadido, tal e como recolle o informe do Tribunal económico administrativo municipal de data 23 de decembro de 2022 unido a este expediente.

O prezo unitario é o seguinte:

PREZO UNITARIO: 63 €/hora

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2024 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2025.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o ano 2024 do Servizo de Igualdade e do orzamento futuro, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercicio 2025.

Exercicio 2024 (1/3 das horas máximas do contrato): 12.600 €

Exercicio 2025 (2/3 das horas máximas do contrato): 25.200 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.*

- A Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, no seu artigo 4 establece que o sistema educativo español incluírá entre os seus fins *la formación en el respeto de los derechos y libertades fundamentales y de la igualdad entre hombres y mujeres.* Establece, ademais, que a Educación Infantil *contribuirá a desarrollar en la infancia el aprendizaje en la resolución pacífica de los conflictos,* y la Primaria *a desarrollar en el alumnado su capacidad para adquirir habilidades en la resolución pacífica de conflictos y para comprender y respetar la igualdad entre los sexos.*

- A Lei orgánica 2/2006, de 2 de maio, de educación, inclúe a prevención da violencia de xénero como principio. Establece no seu artigo 8, que *las administraciones educativas y las Corporaciones Locales coordinarán sus actuaciones, cada una en el ámbito de sus competencias, para lograr una mayor eficacia de los recursos destinados a la educación y contribuir a los fines establecidos en esta ley.*

- A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, imponse aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes. No artigo 21, imponse ás Entidades Locais o deber de integrar o dereito de igualdade no exercicio das súas competencias e colaborar, a tal efecto, co resto das Administracións públicas. O artigo 24



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

obriga ás administracións educativas a desenvolver nos currículos de todas as etapas educativas o principio de igualdade entre mulleres e homes.

- O Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado polo Congreso das Deputadas e Deputados o 28 de setembro de 2017 establece no seu eixo 1 a medida 4: *incluir, en todas as etapas educativas, a prevención de la violencia de género, del machismo y de las conductas violentas, la educación emocional y sexual y la igualdad, incluyendo además en los currículos escolares los valores de la diversidad y la tolerancia.*

- A Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, no seu artigo 41 establece que *a Administración autonómica adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a proporcionar, tanto ás mulleres como aos homes, unha educación para a igualdade.*

- O decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo educativo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, regula entre os obxectivos da etapa promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes, e establece no seu artigo 16 os contidos de carácter transversal que deberán tratarse como mínimo na educación infantil, entre eles, linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas, desenvolvemento afectivo, a xestión emocional, pautas elementais de convivencia e relación social, autonomía persoal e elaboración unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios.

- O decreto 155/2020, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo educativo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece no artigo 17 os contidos de carácter transversal que deberán tratarse na educación primaria, entre os que se atopa a igualdade entre mulleres e homes.

- O IV Plan de Igualdade do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 25 de novembro de 2009 e vixente na actualidade por acordo da Xunta de Goberno Local do día 25 de xaneiro de 2013, contempla entre os seus obxectivos específicos: *concienciar a comunidade educativa sobre a importancia de promover a educación en igualdade mediante a posta en marcha de actuacións educativas que fomenten o principio de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes, así como promover medidas de concienciación e prevención da violencia de xénero entre a poboación viguesa.*

- O presente contrato, ademais, atópase vinculado ás competencias específicas que en materia de Igualdade ten delegadas a Concellería de Igualdade mediante Resolución de Alcaldía de data 30 de xuño de 2023 (BOPPO 136 do 14/07/2023).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolución de Alcaldía de delegación de competencias xenéricas en concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os de data 20/06/2023, BOPPO núm. 124 do 28 de xuño de 2023; Resolución de Alcaldía de estrutura da administración do Concello de Vigo: delegación de competencias (2023-2027) de data 28/06/23, BOPPO núm. 129 de 5 de xullo de 2023; Resolución de Alcaldía de delegación de competencias específicas do Alcalde na Primeira Tenente Alcalde e Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística de data 30/06/2023, BOPPO núm. 136 do 14 de xullo de 2023; e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/07/2023 de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas/os concelleiras/os de Área de Goberno e concelleiras/os delegadas/os e aprobación do texto refundido, BOPPO núm. 164 de 25 de agosto de 2023).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 22 e 24 de marzo de 2024. O informe da fiscalización previa incorporárase pola



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

- 1.-** Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”.
- 2.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 29 de abril de 2024 pola xefa da área de Contratación e Novos Proxectos.
- 3.-** Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 20 de marzo de 2024 pola axente de igualdade de oportunidades e a xefa do Servizo de Igualdade e conformado nesa mesma data pola concelleira delegada de Igualdade e Comercio e pola concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.
- 4.-** Autorizar o gasto por importe total de 37.800,00 € para facer fronte á contratación da xestión do “Programa coeducativo dirixido a promover a cultura da igualdade e fomentar a prevención da violencia de xénero no alumnado de educación infantil e de educación primaria. Camiña con nós pola igualdade”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “*Plan municipal de Igualdade*” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2024 do Servizo de Igualdade e do orzamento futuro do exercicio 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente, desglosado do seguinte xeito: 12.600 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2024, e 25.200 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2025.
- 5.-** Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

S. Ord. 20/05/2024

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(364).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ. EXPTE. 11237/320.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 13/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 10/05/2024, asinado pola técnica de Administración Xeral e conformado polo concelleiro-delegado de Participación Cidadá, o concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto - Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

ANTECEDENTES

Primeiro.- Mediante resolución de 12 de xuño de 2023, o Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas autorizou iniciar o expediente de CONTRATACIÓN DA VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ.

Segundo.- No expediente tramitado ao efecto consta a seguinte documentación:

1. Informe xustificativo da necesidade e idoneidade do contrato e orde de inicio do contrato asinados pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local en data 9 de xuño de 2023, e polo Concelleiro Delegado de Participación Cidadá e Festas en data 12 de xuño de 2023.
2. Declaración do redactor do prego de prescricións técnicas particulares asinada polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, de data 10/04/2024.
3. Prego de prescricións técnicas particulares do contrato, de data 10/04/2024, asinado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

4. Memoria económica do contrato corrixida o 10/04/2024, asinada pola xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos.
5. Certificado de existencia de crédito do 25/01/2024 (RC núm. Operación 202400007081, (RCFUT núm. Operación 202400007082).
6. Memoria xustificativa do contrato, co desglose dos criterios de valoración e resto de características esenciais do contrato, asinada pola técnica de xestión, a xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, e polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos corrixida en data 24/02/2024.
7. Informe do servizo de contratación, asinado pola técnica de administración xeral e a xefa de área de Contratación e Novos Proxectos, de data 11/04/2024.
8. Prego de cláusulas administrativas corrixido en data 08/05/2024, asinado pola pola técnica de administración xeral de Contratación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No concello de Vigo esta competencia estaba delegada por Resolución da Alcaldía do 4 de setembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área do Concello de Vigo", e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro de 2020 aprobando o "Texto consolidado de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros-delegados de área e nos demais delegados de competencias" e rectificación de erros posteriores de datas 19 de novembro e 23 de decembro de 2020, o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, en resolución de 8 de maio de 2023, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

Segundo.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 116.3 do LCSP, o prego de prescricións técnicas redactado polo arquitecto técnico do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado pola técnica de administración xeral do servizo de Contratación.

Terceiro.- O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto de tramitación ordinaria.

Cuarto.- No artigo 116.3 do LCSP establécese que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito, documento que se emitirá polo servizo de Intervención Xeral quen, ademais, fiscalizará previamente a aprobación do expediente.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda apartado 4º do LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación e disporá a apertura do procedemento de adxudicación e implicará a aprobación do gasto (artigo 117.1 LCSP).

A vista das anteriores circunstancias, e previo informe xurídico favorable da Asesoría Xurídica municipal e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de

S. Ord. 20/05/2024

contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º Aprobar o expediente de contratación (11237/320) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do “SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

2º. Aprobar o o prego de prescricións técnicas particulares de 10 de abril de 2024 e o prego de cláusulas administrativas de 8 de maio de 2024, que rexerán a contratación do “SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”.

3º.- O importe máximo do contrato plurianual é de 343.953,09 € para a contratación do “SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITOS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ”, con cargo á aplicación orzamentaria 9240 2270100 “VIXIANCIA E SEGURIDADE” do orzamento do concello de Vigo, e subordínase a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , distribuídos do xeito seguinte:

ANUALIDADE	IMPORTE
2024	85.988,27 €
2025	114.651,03 €
2026	114.651,03 €
2027	28.662,76 €

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(365).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA PROGRAMACIÓN MUNICIPAL CULTURAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL DE ARQUITECTURA TAC!. EXPTE.11942/307.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 13/05/2024, asinado pola xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- TAC!” é un festival anual, organizado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana (MITVA) en colaboración coa Fundación Arquia, que promove a innovación e experimentación na arquitectura a través da construción dun pavillón temporal en diferentes cidades da xeografía española. O Festival une a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

arquitectura contemporánea, a práctica nova, a reflexión sobre o urbano e o social mediante encontros e actividades culturais en torno ao pavillón que dialogarán coa cidadanía.

O Concello de Vigo presentou candidatura á convocatoria lanzada o 29 de setembro de 2023 polo MITVA para acoller o Festival, i este ten seleccionado segundo fallo do xulgado de data 17 de novembro de 2023 ás cidades de Vigo e San Fernando como sés da terceira edición deste festival que se desenvolverá nesta anualidade 2024.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local en sesión do 16 de febreiro de 2024 acordou aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Arquia para o desenvolvemento na cidade do Festival de arquitectura TAC!, no que se detallan os compromisos e circunstancias para desenvolver as actuacións necesarias para levar a cabo a celebración de TAC! Festival de Arquitectura Urbana, a través dun concurso de arquitectura dirixido a arquitectos/as mozos/as coa finalidade de fomentar a innovación e a experimentación na arquitectura, cuxo resultado se materializará mediante a construción dun pavillón que se situará na cidade de Vigo na Porta do Sol e que terá unha duración temporal.

A estipulación segunda do convenio abrangue como compromiso do Concello elaborar e aplicar un proxecto cultural asociado á instalación que se levantará nas vindeiras datas na Porta do Sol, proxecto gañador do concurso convocado redactado polos arquitectos Óscar Cruz García e Pablo Paradinas Sastre, que expón na Porta do Sol de Vigo un encontro entre natureza e artificio, tradición e mediación a través da estrutura da batea, plataforma de madeira que se coloca no mar para a cría e cultivo de moluscos e mexillóns e elemento moi vinculado ao noso territorio e á nosa economía local, á que se suma unha cuberta que alude ao sistema de pesca tradicional como reclamo e acubillo de actividades.

Este proxecto cultural debe incluír programación de actividades, actos e eventos que achegue de contido ao pavillón durante o tempo que permaneza en activo, entre tres e catro semás. Con este obxectivo esta Concellería, por delegación de competencias da Área de goberno de Cultura, mediante resolución de data 06.02.2024, prepara en estreita colaboración coas concellerías deste Concello un programa de actividades que en data 13.05.2024 ten sido validado pola coordinación do Festival TAC!

PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Competencia municipal

De conformidade co disposto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais.

Titulo

Baixo o lema “**ARQUITECTURA ABERTA Á VIDA**” acuñado pola arquitecta francesa premio Pritzker, Anne Lacaton, diséñase este programa cultural que se basea na

candidatura presentada por Vigo para participar no Festival; esto é a cidade de Vigo como unha cidade aberta que está a recuperar espazos públicos para a xente.

Fundamento

A través da construción do pavillón no grande espazo aberto da Porta do Sol, lugar de estancia, paseo libre sen limitacións, disfrute, espazo de xogo para os rapaces, no que se realizan moitas actividades culturais ao longo do ano, preténdese traducir a través desta instalación efímera, **o concepto de cidade sostenible que se está a crear**: cidade para caminar, para disfrutar, conectada, que permita que toda a cidadanía poida disfrutar de espazos para socializar.

Tipoloxía público

A programación inclúe polo seu carácter integrador numerosas tipoloxías xerais de público: público familiar, público novo, público infantil, público adulto, público con diversidade funcional e intelectual.

As propostas abarcan baixo variado formatos distintas disciplinas tales como:

- Obradoiros para tódalas idades e en variedade de materias (xogos lego, actividades creativas
- Podcast
- Música clásica, pop, infantil
- Teatro
- Danza urbana e tradicional
- Mesas redondas que representan a diversidade
- Mesas redondas técnicas
- Exposicións en formato papel e dixitais relacionadas coa arte e a arquitectura
- Concursos
- Presentacións de festivais
- Visitas culturais
- Corais
- Bandas de música
- Pasarrúas

Lugar de celebración dos espectáculos

As actividades desenvolveranse no pavillón efímero a construír na Porta do Sol.

Parte do programa, como exposicións e algunha mesa redonda desenvolverase na sé do Colexio de Arquitectos de Vigo, no número 5 da rúa Doutor Cadaval,

Datas de programación

Dende o día 13 de xuño, que terá lugar o acto de inauguración no pavillón efímero ata o 14 de xullo, que terá lugar a clausura, en xornadas de mañá e de tarde

Obxectivos xerais da programación

A proposta de programación terá como obxectivos principais as seguintes liñas xerais establecidas pola Concellería da Área de Cultura, Patrimonio histórico, Igualdade e Normalización lingüística:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

- Favorecer o debate sobre a cidade aberta, accesible e plural
- Tomar coñecemento das necesidades da poboación para poder usar o espazo público
- Integrar distintas perspectivas dos colectivos no mesmo espazo urbano
- Acceso do público xeral a todas as disciplinas que se desenvolverán no pavillón
- Ofrecer visibilidade á perspectiva da muller no uso da cidade
- Amosar as posibilidades de integración da diversidade na cidade
- Formación de públicos, facendo especial incidencia tanto no público do futuro (nenos/as e adolescentes), coma no público de maior idade
- Evidenciar as necesidades de tolerancia e respecto no uso da cidade
-

Criterios de selección das propostas

En canto aos criterios de selección da programación, analizáronse as propostas dos distintos departamentos municipais implicados fundamentalmente en base a:

-Sostenibilidade da programación municipal

- Calidade da proposta e adaptación ás liñas da programación indicadas anteriormente, especialmente en base ao seu contido e características, tipoloxía e /ou idades do público destinatario

- Duración do espectáculo según a tipoloxía de público.

- Adaptación á estrutura do programa en canto ás datas dispoñibles.

- Adaptación da proposta ás condicións técnicas e características do pavillón efímero da Porta do Sol

- Avaliación das posibles necesidades técnicas a maiores a asumir polo Concello de Vigo que puidera precisar o espectáculo.

- Adaptación ao orzamento xeral do Concello, de xeito que a programación; neste sentido, ningunha proposta poderá ter un custo superior aos 14.000 € máis iva, con todos os conceptos e impostos incluídos.

- Valoraréronse especialmente as propostas de integración e convivencia de públicos

Como resultado da valoración das propostas en prol dunha programación diversificada e de calidade, fórmulase á Xunta de Goberno local, en desenvolvemento do Convenio entre o Concello de Vigo e Arquia para a celebración do Festival TAC!, a seguinte

PROPOSTA.-

Primeiro.- Aprobar a programación municipal cultural do FESTIVAL TAC! para as datas 13 de xuño a 14 de xullo de 2024:

FECHA	Mañanas	Tardes
JUNIO		
13	- INAUGURACIÓN	
14	- Talleres sobre jardinería	-Presentación Audivisual Arquitectura de la ciudad - Pasacalles -Orquesta clásica infantil K2211
15	- Vigosónico xoga: talleres interxeneracionais - Banda Música	- Grupo Pop Gran formato - Baile Tradicional
16	- Banda Música	- Danza - Coral
17	- Dúas mesas redondas sobre rodaje cinematográfico en Vigo	-Activ. Infant. Pequeño formato -Arroró (E-Municipal danza)
18	- Taller xente maior -Actuación musical clásica grupo Mayeysis -	-Obra Teatro escola Municipal -Actuación grupo folk Combos
19	- Taller xente maior - Orquesta Son das Flores	-Actv. Inf. Peq -Bandas Escolas municipais
20	- Taller xente maior - Actuación musical clásica grupo Mayeysis	-Grupo danzas tradicional
21	- Taller inclusivo decoración de sillas por APAMP	-Actividades Inf. Pequñas - Banda de Gaitas
22	- Vigosónico xoga: talleres interxeneracionais - Baile Tradicional	-Coral mulleres Casablanca
23	- Banda Música	-Danza
24	-Talleres Inf + mozos	-Actv. Inf Grande - Orquesta clásica infantil k2211
25	-Talleres Inf + mozos	Mesa Benestar Interxeneracional - Zanfona Ensemble.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

26	-Talleres Inf + mozos	- Vigosónico xoga: talleres interxeneracionais. -Pasarrúas Pequeno formato
27	-Talleres Inf + mozos	- Vigosónico xoga: talleres interxeneracionais. -Pasarrúas Pequeno formato
28	Talleres Inf + mozos	Presentación do Festival Vigo Cidade de Cor
29	Baile tradicional	(Outras actividades na Porta do Sol)
30	Banda Música	Coral
DATA	Mañanas	Tardes
JULIO		
1	-Talleres para mozos: visita murales e creación de mural -Taller xente maiores	Vigosónico talleres, podcast, actuacións da escola de son
2	-Talleres mozos: visita murais e creación de mural -Taller xente maior	Vigosónico: talleres, podcast, actuacións de la escuela de sonido
3	-Talleres mozos: visita murais e creación de mural -Taller xente maior	Vigosónico: talleres, podcast, actuacións de la escuela de sonido
4	-Talleres mozos: visita murais e creación de mural -Taller xente maior	Mesa Redonda sobre emigración coa participación da Presidenta Organización Mulleres por África
5	-Talleres mozos: visita murais e creación de mural - Taller xente maior	-COAG conferencia -Grupo Pop Grande
6	-Xornadas Arte urbán sobre murais urbanos -Talleres Nenos arquitectura -Batalla Mural, concurso de creación de murais en vivo	-Danza -Grupo pop Pequeno
7	Banda	Coral
8	Danza Maiores Taller Vigo Inclusivo	COAG Arquitectura Vigo Ensanche

9	-Danza Maiores -Taller Vigo Inclusivo	- Actividades Infantiles peq. - - Grupo Pop Pequeno
10	-Danza Maiores -Taller Vigo Inclusivo	- Danza - Pasarrúas pequeno
11	-Danza Maiores -Taller Vigo Inclusivo	- Danza - Grupo Pop Pequeno
12	Actividades Igualdade: exposición, divulgación, proxección.	Actividades Igualdade: -conferencia arquitectas
13	Talleres construción elementos referentes ao Nadal	-Pasarrúas -Grupo Pop pequeno
14	CLAUSURA	-Rap -Batukada
	VISITAS GUIADAS al pavillón	OUTRAS ACTIVIDADES
		PROGRAMA RADIO
		EXPO JORGE LENS: SEDE COAG
		EXPO PANELES TAC: SEDE COAG

Segundo.- Que polas concellerías colaboradoras (Benestar social, Xuventude, Turismo, Xardíns, Educación, Igualdade, Comercio, Cultura, Área de Cultura Patrimonio Histórico, Festas, Alcaldía) se inicien os expedientes necesarios para a contratación das propostas artísticas e técnicas seleccionadas que figuran no apartado anterior, así como resto de contratacións necesarias (producción, difusión...) para o desenvolvemento da programación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(366).- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO INTERINO COMO TÉCNICO DE XESTIÓN PARA O SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E EMPREGO. EXPTE. 44175/220.

Visto o informe de fiscalización de data 08/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 02/05/2024, asinado pola técnica de Organización e Xestión de Recursos Humanos, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

ANTECEDENTES

I.- Consta no expediente solicitude da Xefatura do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local conformada pola concellería delegada competente, e declaración responsable, solicitando a cobertura da praza vacante da categoría profesional de técnico/a de xestión e informe de verificación administrativa no que consta que en data __/__/2024, a concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, en data 21.03.2024 resolveu a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos do posto de traballo vacante de “técnico/a de organización e xestión de recursos humanos”, cód. 076 da vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo e nomear, con cargo ao dito posto, á funcionaria de carreira do Concello de Vigo D^a R. M. Otero Malvárez, con DNI *6*6**36P, adscrita ao servizo de Desenvolvemento local e Emprego, cód. 108, por Resolución do concelleiro delegado da Área Xestión Municipal da Área de Xestión Municipal e Persoal de data 11.04.2019 no expediente núm. 33721-220.

II.- En data de 9/04/2024, polo órgano municipal competente, á vista das solicitudes, e informes que obran no expediente, procedeu a ordenar que: *“cobertura interina dunha praza de Técnico/a de xestión do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, polo tempo estritamente necesario, en substitución da titular, funcionaria de carreira con dereito a reserva do posto de traballo, logo do seu nomeamento como “técnico/a de organización e xestión de recursos humanos”, ao abeiro da convocatoria para a a provisión temporal do dito posto en réxime comisión de servizos publicada no BOP núm. 12 de 17 de xaneiro de 2024”*.

III.- Vista a documentación obrante no expediente e segundo consta no informe de verificación administrativa de data 2/05/2024, existe unha/un candidata/o en condicións de ser nomeada/o por aceptar o nomeamento e presentar correctamente a documentación.

IV.- Consta no expediente informe técnico de cuantificación económica do gasto de data 2/05/2024 que inclúe a proposta de gasto para o nomeamento interino dunha/dun técnica de xestión en substitución transitoria da titular, durante o tempo estritamente necesario (art. 10.1.a) do TREBEP).

VI.- En consecuencia, tramitado o expediente pola Área xestora, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa de aplicación

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

S. Ord. 20/05/2024

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

- O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:
“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”
- O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que *“el procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”*

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, ditada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.- (...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** establece que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Consideracións sobre o nomeamento de funcionarios interinos en atención ao marco normativo vixente. Análise da modalidade proposta

Consonte ao disposto no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante, TREBEP) son funcionarios interinos son aqueles que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando concorran algunhas das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa **“La sustitución transitoria de los titulares, durante el tiempo estrictamente necesario.”** (letra b) do citado apartado 1); contemplando o apartado 2 do artigo que *“los procedimientos de selección del personal funcionario interino serán públicos, rigiéndose en todo caso por los principios de igualdad, mérito, capacidad y celeridad, y tendrán por finalidad la cobertura inmediata del puesto. El nombramiento derivado de estos procedimientos de selección en ningún caso dará lugar al reconocimiento de la condición de funcionario de carrera.”*

Os nomeamentos deberán recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no corpo ao que pertenza o posto de traballo, rematando a súa vixencia, segundo o establecido no propio artigo 10, pola finalización do prazo autorizado expresamente recollido no seu nomeamento, sen dereito a compensación algunha. Ademais disto, a Administración formalizará de oficio a finalización da relación de interinidade polas causas previstas no artigo 63 da mesma norma.

No presente caso, e segundo consta na orde de incoación do expediente, tras ser aprobados os novos criterios de xestión de listas de reserva (BOPPO nº 167 de 01/09/2022), e ao abeiro do establecido nos artigos 25 e ss. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, procedeuse á tramitación do expediente administrativo.

Polo tanto, visto o artigo 10.1.b) do TREBEP, procede o nomeamento interino por substitución transitoria da titular durante o tempo estrictamente necesario.

Os funcionarios interinos percibirán as retribucións básicas e complementarias asociadas ao posto de traballo de destino; no caso da modalidade de nomeamento obxecto de proposta, tómase como referencia a analogía coas prazas (retribucións básicas) e postos de traballo (retribucións complementarias fixas e periódicas) da categoría profesional obxecto de nomeamento, no marco do establecido na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo, aprobada pola Xunta de Goberno Local en sesión do 13.03.2023; referencia que, no presente suposto e segundo o informe técnico emitido, efectúase ao posto de traballo cód. 179– técnico/a de xestión.

Así mesmo, e consonte á instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno

S. Ord. 20/05/2024

Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

III.- Observacións respecto da xornada e horario

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

IV.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na solicitude de data de sinatura electrónica incorporada ao expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo coa Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016 (expediente electrónico nº 27.576/220) debendo ser contextualizadas no marco normativo actualmente vixente á data de sinatura do presente informe-proposta.

V. - Verificación de existencia de aspirantes en listas de reserva:

Segundo informe administrativo de verificación (trámite 51 do expediente) consta que:

“Ao abeiro do disposto no artigo 169.1, apartado c) do Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e no marco da tramitación do expediente administrativo núm. 44175/220 infórmase o seguinte:

- Vista a orde de incoación obrante no expediente administrativo de referencia para a cobertura interina por substitución transitoria do titular (art. 10.1.b) do TREBEP), existe lista de reserva vixente de técnico/a medio/a de relacións laborais con candidatas/os en condicións de ser



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

notificadas/os procedendo o chamamento por orden de prelación dos candidatas/os en estado seleccionable para acumulación de tarefas/substitución transitoria titular.

- De conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola XGL o 18/08/22 vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, e á vista dos datos proporcionados polo programa informático para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica, salvo erro ou omisión, procede o chamamento como técnico de xestión, ao candidata/o que se relaciona a continuación que aceptou o nomeamento e presentou a documentación requirida para o efecto:

Andre Otero Medraño con DNI ***1322**

De todo o exposto, deixase constancia para os estritos efectos do expediente electrónico de referencia..”

O/a aspirante interesado/a e dispoñible aceptou expresamente o nomeamento interino ofertado mediante escrito incorporado ao expediente, acreditando documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa vixente e das demais condicións necesarias para o desempeño do posto.

VI. - Proposta de gasto:

Segundo consta no informe técnico de cuantificación económica incorporado ao expediente en data 2/05/2025:

“O custo para 1 postos cod. 179-Técnico/a de Xestión, de iniciarse a súa relación o 15/05/2024, con cargo as partidas orzamentarias: 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104 (Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) sería o seguinte para o ano 2024:

S.Base	CD	CE	Pagas extra	S. social empr.	Total
8.436,38	5.449,65	9.439,43	3.506,96	8.527,34	35.359,77 €

Polo que o custo total para de 1 Técnico/a de Xestión cod. 179 sería de 35.359,77 € €.”

Remitímonos ao contido do informe técnico obrante no expediente, solicitando que os aspectos indicados no mesmo se contemplen no preceptivo informe de fiscalización.

VII.- SOMETEMENTO Á FISCALIZACIÓN PREVIA E PRECEPTIVA

O presente expediente debe ser sometido á preceptiva fiscalización previa á súa aprobación con carácter preceptivo, consonte ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; concretamente, o artigo 214, que contempla que:

S. Ord. 20/05/2024

“ 1. La función interventora tendrá por objeto fiscalizar todos los actos de las entidades locales y de sus organismos autónomos que den lugar al reconocimiento y liquidación de derechos y obligaciones o gastos de contenido económico, los ingresos y pagos que de aquéllos se deriven, y la recaudación, inversión y aplicación, en general, de los caudales públicos administrados, con el fin de que la gestión se ajuste a las disposiciones aplicables en cada caso.

2. El ejercicio de la expresada función comprenderá:

a) La intervención crítica o previa de todo acto, documento o expediente susceptible de producir derechos u obligaciones de contenido económico o movimiento de fondos de valores.

b) La intervención formal de la ordenación del pago.

c) La intervención material del pago.

d) La intervención y comprobación material de las inversiones y de la aplicación de las subvenciones.”

VIII - ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e da xestión económica do mesmo contemplado no artigo 127, letras g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, resulta competente a Xunta de Goberno Local para a aprobación do presente expediente.

Adicionalmente, resulta preceptiva a previa conformidade da Concellería-delegada da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por Resolucións da Excm. Alcaldía de 19/06/2023, 20/06/2023 e 28/06/2023 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/06/2023.

IX.- PROPOSTA DE ACORDO

“PRIMEIRO: *Declarar a urxencia no nomeamento de 1 funcionario/a interino/a nos termos e condicións seguintes:*

- Categoría profesional: Técnico/a de xestión.*
- Modalidade legal: funcionario interino por substitución transitoria da titular, polo tempo estritamente necesario (artigo 10.1, letra b) do TREBEP).*
- Destino: Desenvolvemento Local e Emprego.*
- Período temporal: polo tempo estritamente necesario, durante a comisión de servizos da titular autorizada no posto de “Técnico/a de organización e xestión de RRHH”, coa duración contemplada na normativa vixente (1 ano prorrogable por outro ano), e consonte ao establecido no artigo 10.1, letra b) do TREBEP.*
- Custe económico: o custo de iniciarse a relación o 15/05/2024, sería o seguinte para 1 posto cod. 179-técnico/a de xestión con cargo ás aplicacións orzamentarias 120.0400 (Soldo base), 121.0004 (Complemento de destino), 121.0104*



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

(Complemento de específico) e 160.0000 (Seguridade Social a cargo da empresa) ascendería a 35.359,77 €, co seguinte detalle:

S.Base	CD	CE	Pagas extra	S. social empr.	Total
8.436,38	5.449,65	9.439,43	3.506,96	8.527,34	35.359,77 €

Todo elo consonte aos informes e proposta de acordo emitidos e incorporados na tramitación administrativa do expediente electrónico obxecto de aprobación.

SEGUNDO: Nomear como funcionaria/o interina/o por substitución transitoria da titular, funcionaria de carreira con dereito á reserva do posto de traballo, polo tempo estritamente indispensable nos termos e condicións do establecido no artigo 10.1.b) do TREBEP, así como no apartado primeiro do presente acordo, a nos termos e condicións do establecido no apartado primeiro do presente acordo, como técnico/a de xestión do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego a/o candidata/o: Andre Otero Medraño con DNI ***1322** na súa condición de aspirante incorporado en lista, e de conformidade cos criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo, á vista dos datos proporcionados polo programa informático existente para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.

TERCEIRO: Dispoñer que a xornada e horarios de traballo das/os efectivas/os nomeadas/os desenvolverase segundo estableza a xefatura do servizo ou área consonte ás necesidades obxectivas que se deriven da debida prestación dos servizos públicos, podendo desenvolverse en horario de mañá ou tarde, ou en xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso normativamente contemplados, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013 e modificacións posteriores, e concordantes en canto non contraveña o marco normativo vixente e o disposto na Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se ditan Instrucións sobre a xornada e horarios de traballo, de aplicación ás entidades locais («BOE» núm. 52, de 01/03/2019) actualmente en vigor.

CUARTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, Xefatura de Benestar Social, Intervención Xeral Municipal, inspección de persoal, persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e persoal incluído no grupo 2, e ao Comité de Persoal para os efectos oportunos.

QUINTO.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(366).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE LISTA DE RESERVA DE ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, DERIVADA DA EXECUCIÓN DA OEP 2017-18-19. EXPTE. 43469/220.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/05/2024, asinado polo técnico de Administración Xeral e a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- Con data 12/03/2020, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo adoptou acordo polo que se aproban as bases xerais do proceso selectivo para a provisión de 1 praza de funcionario/a de carreira, Administrativo/a de Administración Xeral, pola quenda libre, subgrupo C1, incluída na 3ª fase da Oferta de Emprego Público correspondente aos anos 2017, 2018 e 2019, que se publicaron no Boletín Oficial de Pontevedra nº 128 de 07 de xullo de 2020.

II.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2023, aprobouse a lista provisional de persoas admitidas e excluídas, composición dos órganos de selección, así como o lugar e data da primeira proba do proceso selectivo.

III.- Así mesmo, por Resolución da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, de data 01 de agosto de 2023, resolveuse a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

IV.- Rematado o proceso selectivo referido, en sesión de data 10/01/2024, segundo consta en acta incorporada ao expediente, o órgano de selección designado para o proceso selectivo de Administrativo/a de Administración Xeral, pola quenda de libre, acordou, por unanimidade, someter á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o nomeamento como funcionaria de carreira con cargo á praza vacante de de Administrativo/a de Administración Xeral enmarcada no Grupo C de titulación, subgrupo C1, escala de Admón. Xeral, subescala administrativa, , á aspirante n.º 114, Dª MARTA M.ª SOTO PÉREZ (DNI ***9332**) que superou todas as probas previstas no proceso selectivo e obtivo a cualificación máis alta de todos/as os/as aspirantes presentados/as, obtendo un total de 32,647 puntos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	1º EXERC (test)	2º EXERC (temas)	3º EXERC (casos p.)	4º EXERC (informát.)	5º EXERC (galego)	PUNT. TOTAL
114	SOTO PÉREZ,	MARTA M ^a	***9332* *	7,380	7,167	6,100	10,000	2,000	32,647

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 05 de abril de 2024, acordou o devandito nomeamento.

V.- Asi mesmo, e de conformidade co disposto nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 12 de marzo de 2020, o Órgano de Selección, na sesión de data 10 de xaneiro de 2024, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local que as outras oito (8) persoas aspirantes que superaron todas as probas pero que non obtiveron praza pasen a formar parte dunha LISTA DE RESERVA, ordenada en función das respectivas puntuacións obtidas, para os efectos de poder seren eventualmente nomeadas como persoal interino, en función das necesidades do Servizo e de acordo cos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das OEP e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo e a demais normativa aplicable».

POSTO	Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1º	15	CARIDE NIMES,	BÁRBARA M ^a	***0155**	32,355
2º	63	GONZÁLEZ EIRIZ,	BEATRIZ	***5386**	31,755
3º	36	DE PEROY PEREIRA,	SILVIA	***3967**	31,505
4º	75	LIJÓ RODRÍGUEZ,	BLANCA	***2375**	31,005
5º	10	BASTOS RIBAS,	HUGO	***2137**	29,425
6º	38	DOMÍNGUEZ BORINES,	JESSICA	***2167**	29,125
7º	52	GARCÍA FERREIRO,	HEITOR	***8491**	28,975
8º	120	VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ,	MÓNICA	***7863**	27,568

FUNDAMENTOS XURÍDICOS.

I.- Consonte ao artigo 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias

S. Ord. 20/05/2024

de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezoito meses (apartado d), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses máis polas leis de Función Pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto (apartado c) e a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a).

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ao que pertenza o posto de traballo. O cesamento dos funcionarios interinos producirase cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, ademais de polas causas consignadas no artigo 63.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os aspirantes deberán reunir, en todo caso, os requisitos xerais de titulación e as demais condicións esixidas para participar nas probas de acceso aos correspondentes corpos ou escalas como funcionarios de carreira, ademais dos que establezan nas bases específicas aprobadas para cada unha das prazas convocadas se houberan, percibindo o soldo correspondente á praza ou categoría do posto de traballo asociado.

II.- No apartado de "Outras disposicións comúns" das bases da convocatoria estableceise que *"as/os candidatos/as que no tendo superado o proceso selectivo aprobasen todas as probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos ou escalas, formarán parte dunha lista de substitucións para os efectos de poder seren nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral respectivamente, nos termos do establecido nos criterios de xestión da listas de reserva do Concello de Vigo vixentes, e normativa de concordante aplicación"*.

III.- Rematado o regulamentario proceso selectivo, o Órgano de Selección, en base ao previsto na lexislación da función pública e as bases xerais e específicas que rexen esta oposición, realiza a proposta de aspirantes aprobados ordenados en función da puntuación final obtida de maior a menor -orde descendente – tal e como se establece no punto IV e V dos antecedentes.

IV.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de agosto de 2022, adoptou acordo de aprobación dos "criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego no Concello de Vigo", (Expte. 36685/220), que foron publicados no BOP nº 167, de 01/09/2022, no que se establece entre outros:

"(...)As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP(...)."

"(...)As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación (...)."

"(...)As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas(...)"

V.- Segundo o criterio manifestado pola Intervención Xeral, respecto a resultado de procesos selectivos para bolsas de emprego, aprobación de listas provisionais de persoas admitidas/excluídas, etc, tal e como consta no expte. 32235/220, trámite 218 e, nos expedientes 35225/220, 35393/220, 36004/220, 36803/220, 38008/220, 38009/220 e 38010/220, que non se someteron a fiscalización previa, non están suxeitos a trámite de fiscalización previa, polo que ao tratarse o presente expediente dunha proposta de aprobación dunha bolsa de emprego consecuencia dun proceso selectivo, considerase, en base ao referido criterio da Intervención xeral, non necesario dito trámite.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h)

S. Ord. 20/05/2024

da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de novembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, polo técnico de administración xeral que subscribe coa conformidade da xefa da área de recursos humanos e formación, elévase á Xunta de goberno local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Aprobar a lista de reserva de Administrativo/a de Administración Xeral, (subgrupo C1) derivada da execución da 3ª fase da OEP 2017-18-19, que inclúe as persoas que poidan ser temporalmente nomeadas conforme ao establecido nos criterios de listas de reserva do Concello de Vigo, en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación, e segundo proposta contida na acta do Órgano de Selección e que forman parte inseparable do citado acordo:

POSTO	Nº	APELIDOS	NOME	DNI	PUNTUACIÓN
1º	15	CARIDE NIMES,	BÁRBARA Mª	***0155**	32,355
2º	63	GONZÁLEZ EIRIZ,	BEATRIZ	***5386**	31,755
3º	36	DE PEROY PEREIRA,	SILVIA	***3967**	31,505
4º	75	LIJÓ RODRÍGUEZ,	BLANCA	***2375**	31,005
5º	10	BASTOS RIBAS,	HUGO	***2137**	29,425
6º	38	DOMÍNGUEZ BORINES,	JESSICA	***2167**	29,125
7º	52	GARCÍA FERREIRO,	HEITOR	***8491**	28,975
8º	120	VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ,	MÓNICA	***7863**	27,568

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(367).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DO CONCELLO DE VIGO NA SOCIEDADE CIDADE UNIVERSITARIA S.A. EXPTE. 993/1102.

Sométese a aprobación a proposta de data 13/05/2024, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

O Pleno do Concello de Vigo, en sesión que tivo lugar o día 28 de xullo de 1999 adoptou, entre outros o acordo de "Participación do Concello na Sociedade "Cidade Universitaria, SA", promovida pola Universidade de Vigo.

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023 a Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de agosto de 2023 designou ao Concelleiro D. Abel Losada Álvarez representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

Trala renuncia ao cargo de concelleiro por parte de D. Abel Losada Álvarez como consecuencia da súa designación como Subdelegado de Goberno en Pontevedra procede efectuar unha nova designación de representante do Concello en dita entidade.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar a Concelleira delegada de Área de Goberno de Urbanismo e Vivenda, Dna. María José Caride Estévez representante do Concello de Vigo no Consello de Administración da sociedade Cidade Universitaria, S.A.

Segundo.- Comunicar este acordo a Sociedade "Cidade Universitaria, SA" aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(368).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O ESPECTÁCULO "SIBARÍS" DA COMPAÑÍA CONDETRESPÉS NO AUDITORIO MUNICIPAL DO CONCELLO. EXPTE. 5520/330.

Visto o informe xurídico de data 26/04/2024 e o informe de fiscalización de data 08/05/2024, dáse conta do informe-proposta do 19/04/2024, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

A Constitución Española no seu artigo 44.1 establece que os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito. Os municipios teñen a competencia da promoción da Cultura e dos equipamentos culturais, de conformidade co previsto nos artigos 25.1 e 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do

régime local, e cos artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

A Área de Cultura do Concello de Vigo ten encomendada a competencia de establecer as directrices xerais, desenvolvemento e execución de políticas públicas municipais en materia de Cultura, mediante a programación anual de actividades culturais diversas. Neste sentido, a citada área organiza e desenvolve dende hai anos a programación municipal de artes escénicas que se desenvolve no Auditorio Municipal do Concello, consolidada como un referente cultural para o público.

A concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística resolveu, con data 18 de abril, o seguinte no expediente de gasto menor 5479/330:

“Primeiro.- Adxudicar á empresa CONDETRESPÉS SL, CIF B70374327, o contrato menor para 'Contratación de unha función do espectáculo “SÍBARIS” da compañía CONDETRESPÉS, a celebrar o sábado 8 de xuño de 2024 no Auditorio Municipal do Concello, conforme ao estipulado na declaración responsable e na oferta presentada pola empresa, é ás condicións seguintes:

Prezo IVE incluído: 7.199,50 euros

Prazo de duración/execución: 1 día

Forma de pago do prezo: Mediante a presentación dunha única factura, á finalización da prestación, expedida polo adxudicatario e conformada polo responsable do contrato. A factura correspondente deberá reunir os requisitos regulamentariamente establecidos.”

“Síbaris” é a primeira obra de teatro escrita por Domingo Villar, falecido no ano 2022 e nomeado vigués distinguido pola súa prestixiosa traxectoria como escritor, con obras traducidas a varios idiomas e adaptadas ao cine e a televisión.

En setembro de 2023 publicouse por primeira vez esta obra e a compañía Condetrespés adaptouna para representacións, iniciando unha longa xira que finaliza en maio, pasando polas principais cidades galegas (Coruña, Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense, Vilagarcía, Tui, Noia, Narón.....así mesmo, a finais de xuño ten previsto actuar nos Teatros del Canal de Madrid.

Dado o éxito obtido pola compañía e o significado da única obra teatral escrita polo finado escritor vigués, considérase interesante realizar unha función como peche da xira galega no Auditorio Municipal do Concello, o sábado 8 de xuño, na cidade natal do autor, con carácter excepcional fóra da programación habitual de artes escénicas xestionada pola Área de Cultura.

O custe total en caché do espectáculo é de 7.199,50 € e foi tramitado no expediente de gasto menor 5479/330, a través de contrato privado de natureza artística por parte da Área de Cultura, con cargo ao orzamento municipal vixente para 2024, aplicación 3331.226.09.00 “Programación Auditorio Municipal”.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Segundo o apartado 1º do artigo 44 do TRLRFL “o importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada”.

No apartado 2º do dito precepto se establece que “cando existan razóns sociais benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por baixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se a houbese”.

Así pois, o prezo público que se propón para a citada función está por debaixo do seu custo, xa que nos atopamos ante un servizo ou actividade municipal de **incuestionable interese cultural** ao tratarse dunha programación de tipo cultural e educativa que pretende chegar ao maior número de cidadás e cidadáns posible, co obxecto de achegar a cultura á poboación.

Establecer un prezo de entrada que supoña como mínimo o coste da actividade tal e como establece a Lei Reguladora das Facendas Locais suporía afastar as cidadás e aos cidadáns da oportunidade de acceder á cultura, xa que implicaría establecer prezos moi elevados aos que non toda a poboación podería ter acceso.

Neste sentido cobra especial relevancia o apoio institucional ás actividades culturais que o Concello de Vigo oferta na súa programación cultural de artes escénicas (música, teatro, danza...), xa que debe ser un obxectivo fundamental de calquera institución cultural a participación e acceso á cultura e motivar a realización e desenvolvemento das actividades culturais, físicas, artísticas e sociais que promovan, o acceso a textos dramáticos (intimamente relacionado co acceso á lectura), a educación en valores (a través da programación familiar), así como facilitar o desenvolvemento de habilidades intelectuais e emocionais transmitidas a través das artes escénicas, capacidades e competencias sociais e culturais no ámbito da comunidade.

Por outro lado, e tendo en conta que o custo de organización desta programación é extraordinario, tal e como establece a ordenanza número 42 reguladora de prezos públicos, increméntanse as tarifas relacionadas nesta ordenanza en contía que non superará o custo calculado en base á ocupación total das localidades.

Por tanto, a proposta de prezo para esta función sería o seguinte:

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	CACHÉS	N.º MAX. ENTRA DAS	COSTE/ ESPECTAD OR MÁXIMO	PREZO PROPO STO
8/06	Condetrespés	Síbaris	7.199,50 €	285	25,26 €	8,00 €

Dacordo co artigo 3.1 da citada ordenanza establécese tamén un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática

S. Ord. 20/05/2024

ou o IES Audiovisual; así mesmo, existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos

As porcentaxes de redución do prezo non son acumulables.

As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Giglón (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles).

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura e maila concelleira-delegada da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

“1.- Fixar os prezos de venda de entradas para o espectáculo **“SÍBARIS”** da compañía **CONDETRESPÉS**, a celebrar o sábado 8 de xuño de 2024 no Auditorio Municipal do Concello, como peche da súa xira a nivel galego, de acordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42 :

DATA	COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	PREZO PROPOSTO
8/06	Condetrespés	Síbaris	8,00 €

2.- Establecer os seguintes descontos:

- Establécese un desconto do 30% en virtude de posibles convenios asinados con centros de ensino que garden relación directa coa programación de artes escénicas, como pode ser a Escola Superior de Arte Dramática ou o IES Audiovisual.

- Existirán localidades con redución do 30% para menores de 25 anos.

As porcentaxes de redución do prezo non serán acumulables.

3.- As entradas serán postas á venda anticipadamente, trala aprobación do presente expediente de fixación de prezos, a través da páxina web de Giglón (contrato adxudicado no expediente número 3508/330), na Librería “Libros para soñar” e na billeteira do propio Auditorio o mesmo día do espectáculo a partir dunha hora antes do comezo (sempre que houbese entradas disponibles)”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

15(369).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”. EXPTE. 1899/441.

Visto o informe xurídico de data 02/05/2024 e o informe de fiscalización de data 08/05/2024, dáse conta do informe-proposta do 26/04/2024, asinado pola técnico de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 17.07.2022 resolveu o autorizar o gasto para a redacción do proxecto de Pavimentación da Rúa Zamora a favor da empresa “Urbing proxectos de urbanismo e Ingeniería Civil S.L.”.

II.- A devandita empresa presentou presentou borrador de proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D^a Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS CON NOVECENTOS CORENTA E DOUS CON SEIS CÉNTIMOS (345.942,06 €) e firmado dixitalmente en Decembro do 2022.

III.- Previo informe do Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos e da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 19.12.2022 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 20.12.2022 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 27.10.2022 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D^a Julio Roberes de Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS CON NOVECENTOS CORENTA E DOUS CON SEIS CÉNTIMOS (345.942,06 €) e firmado dixitalmente en Decembro do 2022. (Expte. 5852-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 29.12.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5852-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D^a Julio Roberes de Cominges, asinado en decembro de 2022.
- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de data 20.02.2024.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 20.02.2024.
- D)** Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12.03.2024.

S. Ord. 20/05/2024

- E)** Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 18.03.2024.
- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 27.03.2024.
- G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 27.03.2024.
- H)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.
- I)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 19.12.2022) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídico e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RÚA ZAMORA”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D^a Julio Roberes de Cominges.

Segundo.- Aprobado o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **TRESCENTOS CORENTA E CINCO MIL EUROS CON NOVECENTOS CORENTA E DOUS CON SEIS CÉNTIMOS (345.942,06 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 60.039,53 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	345.942,06 €
------	--------------

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(370).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA”. EXPTE. 1902/441.

Visto o informe xurídico de data 02/05/2024 e o informe de fiscalización de data 08/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 26/04/2024 asinado pola técnico de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento en data 29.06.2022 resolveu autorizar o gasto e adjudicar o contrato menor para a redacción do proxecto de **“PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA** a favor da mercantil **INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L.**

S. Ord. 20/05/2024

II.- A devandita mercantil presenta trala fase de supervisión, proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez.

III.- Previo informe da Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal de data 02.02.2024 e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución asinado en data 20.02.2024 a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 23.02.2024 aprobou o proxecto de “PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dna. María Ferreiro Núñez, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (183.354,59 €), de data setembro 2022. (Expte. 5697-443).

IV.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A)** O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 23.02.2023 que se corresponde co expediente administrativo 5615-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, Dna. María Ferreiro Núñez, de data setembro de 2022.
- B)** Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado pola Técnica de Xestión e polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas de datas 27 e 28.02.2024.
- C)** Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro da Área de Fomento e Servizos de data 28.02.2024.
- D)** Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 12.03.2024.
- E)** Certificado de crédito asinado pola Dirección Superior Contable municipal en data 18.03.2024.
- F)** Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polo Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas en data 26.03.2024.
- G)** Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 26.03.2024.
- H)** Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.
- I)** Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 22.06.2023), aos concelleiros de Área.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se chega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.-No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica e financeira (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adjudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 02.02.2024) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA**”, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos Dña. María Ferreiro Núñez.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 23.04.2024.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO OITENTA E TRES MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (183.354,59 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 31.821,87 €.

S. Ord. 20/05/2024

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 1532 210 00 04 (Plan renv. firmes barrios-parroquias cof), segundo a seguinte distribución de anualidades:

2024	183.354,59 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(371).- APROBACIÓN DE PROXECTO E CUSTOS ASOCIADOS AOS MESMOS PARA A MELLORAS NO ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DA PARROQUIA DE TEIS. EXPTE. 1520/441.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 10/05/2024, asinado polo xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No devandito acordo de prórroga, no apartado primeiro, recóllese a execución dun plan de investimentos, cuxa contía anual se especifica no cadro que figura no mesmo apartado primeiro, baixo o título “outros investimentos”; plan de investimentos que se concretará nos correspondentes proxectos técnicos que deberán observar o procedemento acordado pola XGL en sesións de datas 08.03.2013 e 22.03.2013 (modificado en data 06.05.2021), o informe “análise de necesidades de investimento a curto prazo para a xestión do ciclo integral da auga” de data 28.12.2020 e o cadro de prezos das unidades de obra que rexerán nas obras de inversión da dita concesionaria, aprobado pola XGL en data 22.03.2013.

III.- Con data 15 e 16 de decembro de 2022 os enxeñeiros municipais, D. Xacobe Paz Salgado e D. Jerónimo Centrón Castaños emiten informe sobre a necesidade de



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

iniciar a actuación consistente na **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis** informe ao abeiro do cal, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento, por medio de Orde de Servizo de data 21 de decembro de 2022, resolveu iniciar o procedemento para o encargo da redacción do correspondente proxecto de obras, que deu lugar á resolución da Xunta de Goberno Local de data 20 de outubro de 2022 na que se acordou encomendar á Entidade Concesionaria Aqualia a redacción do proxecto técnico das obras de **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis**

IV.- Con data 8 de maio de 2024, Aqualia-FCC Vigo UTE" (en adiante a concesionaria) presentou o Proxecto de **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, MARÍA FERREIRO NUÑEZ, cun orzamento de execución material (IVE excluído) de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS con TRINTA E TRES CÉNTIMOS (1.224.672,33 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de UN MILLÓN CATROCENTOS CINCUENTA E SETE MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS con SETE CÉNTIMOS (1.457.360,07 EUROS). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 26/04/2024.

V.- Con esa mesma data, a empresa concesionaria presenta os custes asociados correspondentes ao proxecto de referencia e que se detallan a continuación:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L	24.493,45 €
Asistencia técnica á D.O.	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L	24.493,45 €
Coordinación de seguridade e saúde	Pablo Coello Pardo (ELETREINTAYUNO S.L.).	6.123,36 €
Control y Seguimiento Arqueológico	ZETA ARQUEOLOXÍA	2.000,00 €
	SUMA	57.110,26 €
	11% Gastos de Xestión	6.282,13 €
	TOTAL (IVE excluído)	63.392,39 €

VI.- A Enxeñeira Industrial Municipal e a Técnica Medida de Obras Públicas en datas 9 de maio de 2024, emiten informe favorable sobre o proxecto presentado, indicando que a documentación considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación.

S. Ord. 20/05/2024

VII.- Con datas 9 de maio de 2024 o Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal emite informe no que indica, que as porcentaxes consideradas respecto do PEM do proxecto para o cálculo dos honorarios dos traballos de Redacción, Asistencia e Coordinación de seguridade e saúde, se corresponden cos «ratios» aprobados na Xunta de Goberno Local de data 08 de marzo de 2013 dentro do procedemento de control das obras de inversións da entidade concesionaria e é adecuado ao custe do mercado actual.

Consideracións Técnicas e Xurídicas

I. Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto de obras foi obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario: o proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación, e axústase á normativa técnica de aplicación ao mesmo, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

III.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Primeiro.- Aprobar o proxecto de **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis**, redactado pola Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos, MARÍA FERREIRO NUÑEZ, cun orzamento de execución material de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E CATRO MIL SEISCENTOS SETENTA E DOUS EUROS con TRINTA E TRES CÉNTIMOS (1.224.672,33 EUROS), e un presuposto de licitación (IVE excluído) de UN MILLÓN CATROCENTOS CINCUENTA E SETE MIL TRESCENTOS SESENTA EUROS con SETE CÉNTIMOS (**1.457.360,07 EUROS**). O proxecto dispón de sinatura dixital de data 26/04/2024.

Segundo.- Aprobar os custes asociados ao proxecto de **Melloras no abastecemento e saneamento da parroquia de Teis** por un importe de 63.392,39 Euros (IVE excluído) desagregado do seguinte xeito:

TRABALLO	COLABORADOR	HONORARIOS
Redacción de proxecto	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L	24.493,45 €
Asistencia técnica á D.O.	INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS S.L	24.493,45 €
Coordinación de seguridade e saúde	Pablo Coello Pardo (ELETREINTAYUNO S.L.).	6.123,36 €
Control y Seguimiento Arqueológico	ZETA ARQUEOLOXÍA	2.000,00 €
	SUMA	57.110,26 €
	11% Gastos de Xestión	6.282,13 €

Terceiro.- Designar como dirección facultativa da obra aos Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, D. Xacobe Paz Saldado e D^a Juan Sánchez González.

Cuarto.- Notifíquese aos interesados a presente resolución, con indicación de que a mesma é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano do que procede a mesma, dentro do prazo dun mes que comenza ao día seguinte ao da súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de

S. Ord. 20/05/2024

dous meses. Sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso administrativo que estime procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditalar e notificar a resolución do recurso.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Proxecto de convenio de colaboración coa Excma Deputación de Pontevedra para a continuidade das actuacións do Proxecto de Remodelación do Estadio Municipal de Fútbol de Balaídos. Nova Grada Gol. Expte. 1869/441.

- Modificación puntual dos vixentes criterios de xestión das listas de reserva da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo. Expte. 44286/220.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incurso en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(372).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS. NOVA GRADA GOL. EXPTE. 1869/441.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Visto o informe xurídico do 13/05/2024 e o informe de fiscalización do 14/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/05/2024, asinado polo xefe Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe de Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.-

Primeiro: No marco do proxecto de modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaidos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data de 08/07/2015, do «Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excmo. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS».

En relación as últimas actuacións, cabe destacar o convenio asinado no mes de maio de 2021, para a continuidade das actuacións do proxecto de “REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS”, o cal no seu obxecto identifica as actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIOS na cidade de Vigo en relación os proxectos das gradas de “Marcador” e “Gol”.

O citado convenio posibilitou a finalización da grada de MARCADOR, e en relación o proxecto da grada de GOL, o convenio ven a indicar que o Concello de Vigo desenvolverá as xestións oportunas en cumprimento das súas obrigas para finalizar a proposta da NOVA GRADA DE GOL, co obxecto de poder planificar a súa execución e unha vez finalizado o proxecto definitivo ambas institucións comprométese a estudar o compromiso de adecuación financeira correspondente a este convenio e sempre no marco dunha financiación conxunta do 50 %,

Atopándose pechada a proposta do proxecto da NOVA GRADA DE GOL, unha vez incorporado o mesmo as observacións realizadas polo Real Club Celta de Vigo, procede propoñer a continuidade dá colaboración entre a Excmo. Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, mediante a sinatura dun novo convenio, co obxecto de establecer as pautas de colaboración entre ambas Administracións para dar continuidade a realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIOS na súa fase final en relación o proxecto da NOVA GRADA DE GOL.

S. Ord. 20/05/2024

En data 19/01/2024 o Concello de Vigo remite á Deputación de Pontevedra con núm. rex. 2024000951, unha proposta de texto de convenio, xunto cunha memoria, planos, pregos e orzamento do investimento, para iniciar a tramitación do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS. NOVA GRADA DE GOL.

Con data 03/05/2024 por remítese certificación do Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra na que indica “Que existe un compromiso desta Deputación Provincial para levar a cabo a celebración dun CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS. NOVA GRADA DE GOL, polo que se deu inicio ao expediente de tramitación do mesmo, tal como se fai constar no informe da Xefa do servizo de Cooperación de data 02/05/2024 (..)”.

Os investimentos vinculados a proposta deste convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra “NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS” redactado por un equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), asinado dixitalmente coa data do 2 de abril de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 05.04.2024 no expediente 4865-443.

A proposta de colaboración ascende á cantidade de VINTE SEIS MILLÓNS TRESCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS DEZAOITO EUROS CON DAZANOVE CÉNTIMOS (26.304.618,19 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose os seguintes gastos máximos

CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO “DA NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS”	25.642.713,10 €
COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	181.283,41 €
ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS"	480.621,68 €
Importe total destas actuacións:	26.304.618,19 €



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

A proposta de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos establécese nun 50 % da totalidade dos custes contemplados no obxecto deste convenio sobre o total de 26.304.618,19 €.

Segundo.- Con data 13 de maio de 2024 o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos, resolveu a iniciación do expediente para a elaboración e aprobación por parte do Concello de Vigo dun convenio para a continuidade das actuacións do PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS. NOVA GRADA DE GOL.

Terceiro.- Con data 13 de maio de 2024 o xefe administrativo e de control orzamentario, e o xefe da área de investimentos, co conforme do Concelleiro delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos, asinan a Memoria Xustificativa do devandito convenio. Segundo a Memoria, os pactos que se incorporan ao Convenio estímense conformes ao interese público municipal. Ademais, se constata a suficiencia das achegas comprometidas á finalidade do mesmo así como o cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Con data 13 de maio de 2024 o xefe Servizo Xurídico Servizos Xerais, emite informe xurídico concluíndo que non existe inconveniente legal para que a Xunta de Goberno Local aprobe o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuidade das actuacións do proxecto de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS. NOVA GRADA DE GOL.

II.- FUNDAMENTOS

I.- Lexislación aplicable

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia.

S. Ord. 20/05/2024

- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Bases de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo.

III.- Convenio

A celebración de convenios de colaboración entre entidades de dereito público, atópase prevista nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, así como nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de Administración local de Galicia

En canto ao seu contido e procedemento, axustado á lexislación de procedemento administrativo e de subvencións, detállase no informe xurídico obrante no expediente.

O interese xeral e a conveniencia na concertación do convenio, recóllese na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O obxecto do convenio é establecer as pautas de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para o cofinanciamento e a execución das obras precisas para a continuidade das actuacións do PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS. NOVA GRADA DE GOL.

En virtude do convenio, a Deputación Provincial se compromete a financiar a execución das obras obxecto do convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no mesmo. A tal fin disporá dos recursos indicados co carácter de achega completa para a execución das mesmas. Asemade, prestará a colaboración necesaria e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

O Concello de Vigo asume as seguintes obrigas fundamentais: financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto no convenio; a tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas na memoria e nos proxectos técnicos; licitar os proxectos que conforman as actuacións obxecto do convenio; executar, controlar e recibir as obras consonte aos correspondentes proxectos técnicos; contratar, de selo



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde; obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas; dar a adecuada publicidade ao convenio, de tal xeito de que quede constancia de que as obras obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra; levar a cabo o mantemento e conservación das infraestruturas obxecto deste convenio, tendo a asunción da dita responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción de obra coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas; destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos; comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía; e, prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

IV.- Procedemento e competencia

Consta no expediente de aprobación do convenio, os documentos necesarios para a súa tramitación: Orde de inicio, Memoria do convenio e texto do mesmo e Informe xurídico.

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE GOL, a contía de TRECE MILLÓNS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (13.152.309,10 €).

Exercicio 2024	300.000,00 €
Exercicio 2025	6.426.154,55 €
Exercicio 2026	6.426.154,55 €
Total:	13.152.309,10 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2025 e 2026.

Antes da súa aprobación pola Xunta de Goberno, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello de Vigo.

S. Ord. 20/05/2024

De conformidade co artigo 127.1.g) LRBRL, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio .

O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de Transparencia obriga a dar publicidade do convenio que se aprobe.

V.- PROPOSTA:

Á vista das anteriores circunstancias, e previo informe da Intervención Xeral, formúlase á Xunta de Goberno Local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a seguinte proposta:

Primeiro.- Aprobar o convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para para a continuidade das actuacións do PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS. NOVA GRADA DE GOL aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 05.04.2024 no expediente 4865-443, de acordo co texto do convenio que se achega como anexo a esta proposta.

Segundo.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a aprobación e subscrición do citado convenio que se anexa.

Terceiro.- Asumir as obrigas económicas do convenio nos termos do mesmo, que se corresponde cun importe total de TRECE MILLÓNS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (13.152.309,10 €).

Exercicio 2024	300.000,00 €
Exercicio 2025	6.426.154,55 €
Exercicio 2026	6.426.154,55 €
Total:	13.152.309,10 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2025 e 2026.

Cuarto.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Quinto.- Dar conta do presente acordo á Concellería de Xestión municipal ós efectos de publicidade



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

“Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A CONTINUIDADE DAS ACTUACIÓNS DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS. NOVA GRADA DE GOL

En Vigo a data de _____ de _____ de 2024

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúe o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Doutra parte, Abel Caballero Álvarez, alcalde do Concello de Vigo, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 124.1 e.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Da fe da formalización Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra e Susana Gallardo Fariña, secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo.

Ámbalas dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas e os eidos administrativos aos que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ao tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- No ámbito deportivo e no marco do proxecto de modernización do Estadio de Fútbol Municipal de Balaídos, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo unha proposta de colaboración conxunta, no ámbito das súas propias competencias e de acordo cos principios de cooperación económica, técnica e administrativa tanto en servizos locais como en asuntos de interese común regulados no marco da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, así como na ei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público; colaboración que se iniciou coa sinatura, en data de 08/07/2015, do «Convenio de Colaboración entre o Excmo. Concello de Vigo e a Excma. Deputación de Pontevedra para a realización das obras de REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS».

III.- En relación as últimas actuacións, cabe destacar o convenio asinado no mes de maio de 2021, para a continuidade das actuacións do proxecto de “REMODELACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIIDOS”, o cal no seu obxecto identifica as actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na cidade de Vigo en relación os proxectos das gradas de “Marcador” e “Gol”.

O citado convenio posibilitou a finalización da grada de MARCADOR, e en relación o proxecto da grada de GOL, o convenio vén a indicar que *“o Concello de Vigo desenvolverá as xestións oportunas en cumprimento das súas obrigas para finalizar a proposta da NOVA GRADA DE GOL, co obxecto de poder planificar a súa execución e unha vez finalizado o proxecto definitivo ambas institucións comprométense a estudar o compromiso de adecuación financeira correspondente a este convenio e sempre no marco dunha financiación conxunta do 50 %, as posibilidades da súa execución”*.

IV.- Atopándose pechada a proposta do proxecto da NOVA GRADA DE GOL, unha vez incorporado o mesmo as observacións realizadas polo Real Club Celta de Vigo, procede propoñer a continuidade da colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, mediante a sinatura dun novo convenio, co obxecto de establecer as pautas de colaboración entre ambas Administracións para dar continuidade a realización das obras de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIIDOS na súa fase final en relación o proxecto da NOVA GRADA DE GOL.

V.- Que o artigo 25.2.I) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local atribúe ás Administracións municipais competencia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas.

Por outra banda, o art. 36.1) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local encomenda ás deputacións o aseguramento da prestación integral e adecuada dos servizos de competencia municipal; competencia en relación coa cal a



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Deputación Provincial de Pontevedra ten previsto na súa planificación a mellora das infraestruturas dos equipamentos deportivos do concellos da provincia.

VI.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VII.- Por todo o anteriormente exposto, ambas as partes manifestan expresamente o seu propósito de asinar o presente convenio de colaboración de referencia co obxecto de proceder a dar continuidade as actuacións para a REMODELACIÓN E MODERNIZACIÓN DO ESTADIO MUNICIPAL DE FÚTBOL DE BALAIOS. NOVA GRADA DE GOL, conforme aos seguintes:

PACTOS

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é establecer as bases de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización das obras que posibiliten a finalización das actuacións de remodelación e modernización do ESTADIO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE BALAIOS na cidade de Vigo en relación co proxecto "NOVA GRADA DE GOL".

Os investimentos vinculados ao presente convenio atópanse definidos no proxecto de execución da obra "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIOS" redactado por un equipo multidisciplinar e asinado polo Arquitecto Pedro de la Puente Crespo, cun orzamento base de licitación máis IVE de VINTE E CINCO MILLÓNS SEISCENTOS CORENTA E DOUS MIL SETECENTOS TRECE EUROS con DEZ CÉNTIMOS (25.642.713,10€), asinado dixitalmente coa data do 2 de abril de 2024, e aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de data 05.04.2024 no expediente 4865-443.

Así mesmo o alcance das obrigas económicas deste convenio terán en conta como custes asociados a obra, aquelas asistencias técnicas vinculadas as direccións de obra e coordinación de seguridade e saúde.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

1.- O importe ao que se refire o presente convenio ascende á cantidade de VINTE SEIS MILLÓNS TRESCENTOS CATRO MIL SEISCENTOS DEZAITO EUROS CON

DEZANOVE CÉNTIMOS (26.304.618,19 €), incluíndo os gastos da execución das obras, así como os gastos asociados á obra en relación ás asistencias técnicas sobre a coordinación de seguridade e saúde e a asistencia técnica á dirección da obra, correspondéndose os seguintes gastos máximos:

CONTRATO MAIOR OBRAS PROXECTO "DA NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS"	25.642.713,10 €
COORDINACIÓN SEGURIDADE E SAÚDE OBRAS DE NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO DE BALAIÓDOS	181.283,41 €
ASISTENCIA TÉCNICA Á DIRECCIÓN DE OBRA MUNICIPAL DE "NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS"	480.621,68 €
Importe total destas actuacións:	26.304.618,19 €

2.- A obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos establécese nun 50 % da totalidade dos custes contemplados no obxecto deste convenio sobre o total de 26.304.618,19 €.

3.- Obrigas económicas para a Deputación Provincial de Pontevedra:

A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE GOL, a contía de TRECE MILLONS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON NOVE CENTIMOS (13.152.309,09 €)

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega da Deputación Provincial de Pontevedra será financiada con cargo os créditos da aplicación 24/942.3420.7962.58_e de acordo coas seguintes anualidades:

Exercicio 2024	2.600.000,00 €
Exercicio 2025	5.276.154,54 €
Exercicio 2026	5.276.154,55 €
Total:	13.152.309,09 €

O pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais da Deputación de Pontevedra para ditas anualidades.

4.- Obrigas económicas para o Concello de Vigo:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

O Concello de Vigo comprométese a achegar, para a execución dos investimentos previstos neste convenio en relación a execución das actuacións para a NOVA GRADA DE GOL, a contía de TRECE MILLÓNS CENTO CINCUENTA E DOUS MIL TRESCENTOS NOVE EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (13.152.309,10 €).

Exercicio 2024	300.000,00 €
Exercicio 2025	6.426.154,55 €
Exercicio 2026	6.426.154,55 €
Total:	13.152.309,10 €

A tal fin, e para garantir a estabilidade do financiamento do convenio, a achega do Concello de Vigo será financiada con cargo os créditos da aplicación 9330.632.00.10 e de acordo a execución indicada anteriormente. Non obstante, o pagamento quedará condicionado, en todo caso, á aprobación dos orzamentos xerais do concello para os anos 2025 e 2026.

5.- Non obstante, calquera variación das anualidades da execución previstas, poderá dar lugar ao reaxuste das anualidades do presente convenio, a cuxo efecto o Concello de Vigo, previa proposta da Comisión de Seguimento do convenio, dará audiencia á Deputación Provincial no expediente que se inicie para o reaxuste das anualidades e da resolución que se dite.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1.- A execución das actuacións e dos contratos a que o presente convenio se refire e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar durante os anos da vixencia do convenio de acordo coas obrigas de financiamento indicadas no pacto segundo.

2.- Como continuidade das actuacións xa iniciadas sobre a obra da nova grada de GOL o Concello de Vigo lle comunicará a Deputación Provincial a realización de todos os actos públicos sobre o seguimento das obras, co obxecto de que asista de consideralo procedente un representante da Corporación provincial.

3.- O Concello de Vigo comunicará á Deputación Provincial a data e hora en que terá lugar, o acto de recepción desta, ao que asistirá, de consideralo procedente a Corporación provincial, un representante ou facultativo desta. A Administración municipal remitirá á provincial copia da acta do acto de recepción e certificación da resolución do órgano competente aprobatoria da recepción da obra executada e da certificación final da mesma.

4.- Formalizado, de selo caso, o contrato, ou contratos, de servizos para a contratación de asistencia técnica á dirección das obras e a Coordinación de Seguridade e Saúde, remitirase copia dos mesmos á Deputación Provincial así como dos abonos a conta que en execución dos mesmos se poidan producir.

5.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das obras obxecto do presente convenio e as actuacións realizadas no marco do mesmo cando o teña por convinte, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo de que corresponda en exclusiva ao órgano de contratación e aos responsables dos respectivos contratos a emisión das ordes e instrucións que procedan.

CUARTO.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O Concello de Vigo asume a licitación, dirección, execución e recepción das obras contempladas na memoria técnica, e a súa xustificación perante a Deputación de Pontevedra.

O Concello de Vigo poderá realizar xustificacións parciais, que responderán ao ritmo de execución das obras, que se aboarán pola contía equivalente á/s xustificación/s presentada/s.

O importe correspondente á/s xustificación/s achegada/s, será reembolsado ao Concello mediante transferencia bancaria, unha vez que conste na Deputación a seguinte documentación:

- Contrato de adxudicación da obra.
- Acta de comprobación do replanteo.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados.
- Certificación/s de obra executada. Xunto coa primeira certificación se remitirá unha proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda da Deputación.
- Certificacións ou actos de aprobación/conformidade dos gastos polo órgano municipal.
- Nomeamento do Director de obra e coordinador de seguridade e saúde.

Así mesmo coa finalización das obras para a liquidación final das actuacións deberá ser aportada a seguinte documentación:

- Acta de recepción, unha vez rematado o investimento.
- Declaración do conxunto de axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o financiamento do obxecto deste convenio, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Informe final do ou da Director/a de obra.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

- De producirse a tramitación dun modificado, a certificación expedida pola persoa funcionaria competente de que a súa tramitación foi consonte a Lei de contratos.
- Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.

A/s certificación/s de obra, facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto, e o resto da documentación xustificativa, serán verificadas polos servizos técnicos provinciais e fiscalizadas pola Intervención provincial antes de ser aprobadas e pagadas.

Así mesmo, as actuacións realizadas estarán sometidas á comprobación explícita da execución das obras por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A comprobación material do investimento que se define no parágrafo anterior é un requisito imprescindible do que debe quedar constancia no expediente xustificativo.

QUINTO.- MODIFICACIÓNS DO PROXECTO

As partes asinantes do convenio, comprométese á estabilidade do financiamento comprometido en base á contratación do proxecto do investimento obxecto deste convenio e de acordo coa obriga de financiación para cada unha das administracións en relación ao proxecto de remodelación do Estadio Municipal de Balaídos establécese nun 50 % da totalidade dos custes contemplados no obxecto deste convenio sobre o total dos 26.304.618,19 €. Polo cal a achega da Deputación Provincial de Pontevedra por importe de 13.152.309,09 €, determínase como achega finalista ao convenio das actuacións no marco da NOVA GRADA DE GOL DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, aportando o Concello de Vigo a totalidade dos incrementos que se deriven da execución final deste proxecto.

Se finalmente, a execución das obras previstas tiveran un custe inferior ao indicado na adxudicación do contrato, e sempre que isto non supoña unha actuación deficiente do mesmo, a contía das achegas das administracións reducirase proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

SEXTO.- COMPROMISOS DAS PARTES

O Concello de Vigo obrígase a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin dotará os recursos necesarios, na aplicación correspondente, para o financiamento das actuacións previstas neste convenio.
- Remitir á Deputación Provincial os proxectos técnicos vinculados co obxecto do convenio, así como de calquera modificación.
- Licitar, executar, controlar e recibir as obras consonte ao correspondente proxecto técnico.
- Contratar, de selo caso, as asistencias técnicas á dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.
- Obter as correspondentes licenzas e tramitar ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Dar a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito de que quede constancia de que a obra obxecto do mesmo se levou a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma.

Tamén seralle de aplicación o recollido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e no seu Regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Pola súa banda, a Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Financiar a execución das obras obxecto deste convenio, asumindo as obrigas económicas correspondentes segundo os compromisos adquiridos, e de conformidade co previsto nos pactos segundo e terceiro. A tal fin disporá dos



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

recursos indicados co carácter de achega finalista para a execución das mesmas.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767, de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas exceden de 600.000,00€.

SÉTIMO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e información relativas ao obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo, e nelas figurará de maneira destacada o financiamento da actuación por ambas administracións.

En todo caso as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e Axudas Públicas e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento de cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

OITAVO.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio coas garantías de confidencialidade que en cada caso se requiran e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, obrigándose a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración do convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.

As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

NOVENO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCÍONS

A achega económica prevista no presente instrumento, que ten carácter de subvención, será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada, para o cal de ser o caso se procederá a minorar proporcionalmente as cantidades a aportar por cada administración en relación ao importe adxudicado.

DÉCIMO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por tres representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento:

- ✓ A puntual recepción de información sobre tódalas actuacións que se produzan na execución dos contratos a que este convenio se refire.
- ✓ A coordinación entre as administracións asinantes na execución e financiamento do convenio, ditando ao efecto as instrucións oportunas.
- ✓ A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- ✓ A emisión de informe en relación coa necesidade do reaxuste da anualidade do convenio e en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato a que este se refire.
- ✓ A formulación das propostas que procedan en relación ás cuestións a que os seus informes se refiran.

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime convinte o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo ou na Deputación de Pontevedra, segundo acorden



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

as partes. Na súa reunión constituínte designarase ao responsable da mesma e ao seu secretario, que levantará acta das súas reunións.

DÉCIMO PRIMEIRO.- VIXENCIA

O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura a total execución dos contratos a que o mesmo se refire, fixándose en todo caso un prazo de límite de execución de 36 meses, contados desde a súa formalización, incluíndo o prazo para a xustificación unha vez finalizadas todas as actuacións do convenio .

No caso de imposibilidade de remate das obras ou xustificación nos prazos referidos, as partes poderán acordar a ampliación dos mesmos ata o 31/12/2027.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio. 2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinale, cumpra coas obrigacións ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos prexuízos causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMO TERCEIRO- RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio ten natureza administrativa e rexeráse pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes; a Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

O Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

19(373).- MODIFICACIÓN PUNTUAL DOS VIXENTES CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO. Expte. 44286/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o Informe de fiscalización do 16/05/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/05/2024, asinado pola xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e conformado pola concelleira-delegada de Recursos Humanos e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 18/08/2022, adoptou acordo polo que se aproban os “criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo” (expediente nº 36.685-220) que foron publicados no BOPPO nº 167, de 01/09/2022. En acordo do mesmo órgano de data 29/09/2022 resolveuse o recurso de reposición interposto contra o dito acordo, desestimando o mesmo.

No apartado **VI.- “VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA”** dos criterios referenciados se contempla o teor literal seguinte:



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

“As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirse á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas”.

2.- Sendo prioridade determinada pola Concellería da Área de Goberno e pola Concellería-delegada, conforme ao marco normativo vixente en materia de selección, a da prioritaria execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo, debe considerarse que a convocatoria sistemática de procesos selectivos fóra das ofertas destinados a dispoñer de listas de reserva en categorías profesionais con listas esgotadas xenera a concorrencia de ineficiencias na propia execución das prioridades definidas en materia de recursos humanos, ralentizando en forma notable o cumprimento dos prazos de execución das ofertas de emprego público, de prevista redución de 3 anos a 1 ano segundo o proceso de transformación da Administración Pública que está a abordar o Ministerio de Transformación Dixital e para a Función Pública (Goberno de España); sendo previsible unha próxima reforma normativa en tal sentido.

En atención ao exposto, estimouse procedente, como primeira actuación, abordar a modificación puntual do apartado VI dos criterios vixentes no Concello de Vigo, a efectos de contemplar a posibilidade de establecer convenios de colaboración con outras Administracións Públicas e entidades do sector público para o uso compartido de listas de reserva que permitan a selección de personal interino ou temporal, sempre con plena observancia recíproca dos principios constitucionais e do marco normativo rector do acceso ao emprego público.

3.- En data 18/04/2024 resolveuse “a incoación de expediente administrativo para a modificación puntual dos vixentes criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, no punto relativo ao apartado VI, a efectos de contemplar a posibilidade de establecer convenios de colaboración con outras Administracións Públicas e entidades do sector público para o uso compartido de listas de reserva que permitan a selección de persoal interino ou temporal, en forma eficiente e sempre con plena observancia recíproca dos principios constitucionais e do marco normativo rector do acceso ao emprego público, evitando o recurso constante a procesos selectivos fóra dos propios das ofertas de emprego público tendentes á xeración de listas en categorías profesionais con listas esgotadas.”

4.- En data 07/05/2024 foi sometida a negociación colectiva na mesa común de persoal funcionario e laboral a proposta de modificación referenciada no antecedente III anterior, co teor literal seguinte:

“Modificar puntualmente os vixentes criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, apartado VI, segundo seguidamente se expón:

- Redacción actual:

“VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

“As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas”.

- Nova redacción proposta:

“VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

“As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo na execución das ofertas de emprego público, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase ás listas de reserva que podan estar dispoñibles e utilizables polo Concello de Vigo en base aos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos que se conclúan con outras Administracións e Entidades Públicas ao abeiro do disposto na normativa vixente.

Recurrirase, como última opción, á pública convocatoria para a selección de persoal interino, nos termos do marco legal vixente, no suposto de inexistencia de listas de reserva procedentes de oferta, en primeiro lugar; ou no suposto de inexistencia de listas de reserva de uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas consonte aos convenios e acordos de colaboración que se conclúan, en segundo lugar; debendo acreditarse técnicaamente, con carácter previo á resolución de inicio de convocatoria pública de selección, a eficiencia do recurso ao proceso selectivo, e a non interferencia do proceso a convocar no debido cumprimento dos prazos legais de execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

As listas que resulten da nova pública convocatoria de selección de persoal serán incorporadas para o seu uso compartido con outras Administracións e Entidades



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Públicas nos termos do que se estableza nos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos rectores do sistema de uso compartido”.

Segundo o certificado do acordo da Mesa Xeral de negociación citada (materias comúns a persoal funcionario e laboral) que obra incorporado ao expediente, a proposta de modificación asinada polas Concellerías competentes en materia de recursos humanos foi sometida a votación, tendo sido acadado acordo por **unanimidade** dos seus membros para a aprobación da proposta de modificación puntual dos vixentes criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, apartado VI.

En atención ao anterior, procede a elevación de proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- CUESTIÓN PREVIA: SOBRE O OBXECTO E ALCANCE DA MODIFICACIÓN PUNTUAL PROPOSTA

A modificación que se propón afecta exclusivamente ao apartado VI dos vixentes criterios de xestión, transcrito nos antecedentes; apartado que contempla expresamente a obriga para a Administración Municipal de acudir á pública convocatoria de procesos de selección para a xeneración de listas de reserva nos supostos en que non existan (por renuncia ou esgotamento da lista) ou teñan caducado (polo transcurso do período temporal de 3 anos determinado no mesmo apartado).

Debe lembrarse expresamente a obriga normativa de que o persoal interino e temporal que se seleccione polo Concello de Vigo debe cumprir **inexcusamente no seu acceso os principios de igualdade, mérito e capacidade, con concorrencia competitiva en convocatorias públicas e plenas garantías de publicidade e transparencia das convocatorias e das súas bases**, nos termos do establecido nos artigos 9.3, 14 e 103 da vixente Constitución Española de 1978, así como no Real Decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei 7/2007, do 12 de abril, do TRLEBEP; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL); o Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproban as disposicións legais vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG) e restante normativa de concordante e procedente aplicación.

Debendo incidirse na necesidade da Administración Municipal de abordar un proceso de mellora na xestión interna da función de selección, en forma que permita incrementar a axilidade e eficiencia na concreta actividade administrativa sinalada, priorizando a execución das ofertas de emprego público en prazo, e todo elo con plenas garantías de seguridade xurídica.

A tal efecto, e no marco das previsións contempladas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, sinalase que existen experiencias prácticas desenvoltas no ámbito da planificación de recursos humanos nas entidades locais de España respecto do

S. Ord. 20/05/2024

uso compartido de listas de reserva entre distintas Administraciones Públicas, como é a iniciativa *TALENTUM*, liderada polo Ajuntament de Canet d'en Berenguer (Comunitat Valenciana) á cal se teñen acollido numerosas entidades locais do ámbito territorial indicado, permitindo unha xestión eficiente, áxil e xurídicamente segura do uso compartido de listas de reserva, articulada a través dos correspondentes convenios de colaboración interadministrativa que normativamente corresponda concluir, eliminando ineficiencias e evitando o sistemático recurso a convocatorias públicas de selección de persoal fóra das ofertas de emprego público, que cos medios dixitais, técnicos e humanos dos que dispoñen as entidades locais resulta de difícil asunción sen ralentizar notablemente a tramitación de outros asuntos igualmente estratéxicos (relacións de postos de traballo, negociación colectiva, provisión de postos de traballo e xestión das correspondentes convocatorias; procesos de estabilización do emprego temporal, xestión retributiva e económica de recursos humanos; cumprimento de requirimentos da Autoridade Laboral e análogos)

II.- SOBRE O IMPACTO NA XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS DAS PREVISIÓNS DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEBRO, DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA A REDUCCIÓN DA TEMPORALIDADE NO EMPREGO PÚBLICO

Debe informarse **específicamente** ao órgano municipal competente para o nomeamento do persoal interino e temporal (Xunta de Goberno Local) de que o contexto definido pola aprobación e entrada en vigor da **Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas extraordinarias para a redución da temporalidade no emprego público** -popularmente coñecida como "lei de estabilización"- ten por obxecto e finalidade non só a regularización das situacións de irregularidade no emprego temporal existentes na totalidade das Administraciones Públicas de toda España -sendo salientables, en forma positiva, os datos do Concello de Vigo, cuxa oferta de emprego público de estabilización contempla 96 prazas, das cales 90 corresponden a situacións de indefinición no emprego temporal **previas e preexistentes** na súa maior parte, á reforma laboral aprobada no ano 2006, en claro contraste con entidades locais de relevancia no territorio de España, como poden ser o Ayuntamiento de Las Palmas de Gran Canaria (con máis 800 prazas a estabilizar) ou o Ayuntamiento de Jerez (con 1.101 prazas incursas en idéntico proceso).

Tamén ten por obxecto a dita norma a evitación de potenciais situacións susceptibles de ser xeneradoras de risco de indefinición no vínculo contractual laboral e a perpetuación do recuso ao persoal interino sen realizar o correspondente proceso de planificación estratéxica de recursos humanos -proceso que ten sido indicado, ao longo dos anos pola funcionaria suscribinte nos sucesivos informes ao Capítulo I dos Orzamentos Municipais para cada exercicio económico, como de imprescindible abordaxe- no marco do cal se efectúe a avaliación da suficiencia dotacional da plantilla municipal, se identifiquen ámbitos de actuación prioritaria e se articulen as propostas de medidas a implementar, para a posterior decisión que corresponda polos órganos de goberno- estando recollida en forma expresa na norma unha previsión específica que, en atención á súa relevancia, e sen prexuízo de que a dita norma está vixente dende o pasado mes de decembro do **2021**, reproducése no seu teor literal a continuación, para o completo e debido coñecemento:

«Disposición adicional decimoséptima Medidas dirigidas al control de la temporalidad en el empleo público



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

1. Las Administraciones Públicas serán responsables del cumplimiento de las previsiones contenidas en la presente norma y, en especial, velarán por evitar cualquier tipo de irregularidad en la contratación laboral temporal y los nombramientos de personal funcionario interino.

Asimismo, las Administraciones Públicas promoverán, en sus ámbitos respectivos, el desarrollo de criterios de actuación que permitan asegurar el cumplimiento de esta disposición, así como una actuación coordinada de los distintos órganos con competencia en materia de personal.

2. Las actuaciones irregulares en la presente materia darán lugar a la exigencia de las responsabilidades que procedan de conformidad con la normativa vigente en cada una de las Administraciones Públicas.

3. Todo acto, pacto, acuerdo o disposición reglamentaria, así como las medidas que se adopten en su cumplimiento o desarrollo, cuyo contenido directa o indirectamente suponga el incumplimiento por parte de la Administración de los plazos máximos de permanencia como personal temporal será nulo de pleno derecho.

4. El incumplimiento del plazo máximo de permanencia dará lugar a una compensación económica para el personal funcionario interino afectado, que será equivalente a veinte días de sus retribuciones fijas por año de servicio, prorrateándose por meses los períodos de tiempo inferiores a un año, hasta un máximo de doce mensualidades. El derecho a esta compensación nacerá a partir de la fecha del cese efectivo y la cuantía estará referida exclusivamente al nombramiento del que traiga causa el incumplimiento. No habrá derecho a compensación en caso de que la finalización de la relación de servicio sea por causas disciplinarias ni por renuncia voluntaria.

5. En el caso del personal laboral temporal, el incumplimiento de los plazos máximos de permanencia dará derecho a percibir la compensación económica prevista en este apartado, sin perjuicio de la indemnización que pudiera corresponder por vulneración de la normativa laboral específica.

Dicha compensación consistirá, en su caso, en la diferencia entre el máximo de veinte días de su salario fijo por año de servicio, con un máximo de doce mensualidades, y la indemnización que le correspondiera percibir por la extinción de su contrato, prorrateándose por meses los períodos de tiempo inferiores a un año. El derecho a esta compensación nacerá a partir de la fecha del cese efectivo, y la cuantía estará referida exclusivamente al contrato del que traiga causa el incumplimiento. En caso de que la citada indemnización fuere reconocida en vía judicial, se procederá a la compensación de cantidades.

No habrá derecho a la compensación descrita en caso de que la finalización de la relación de servicio sea por despido disciplinario declarado procedente o por renuncia voluntaria.»

En consecuencia, infórmase da necesaria toma de coñecemento da imposibilidade de recurso sistemático e recorrente ao persoal interino por parte dos servizos e áreas municipais como mecanismo de solución de eventuais situacións de insuficiencia dotacional en plantilla, debendo estar restrinxido o nomeamento desta clase de persoal aos estrictos supostos contemplados no art. 10 do TRLEBEP, e considerando que actualmente está en desenvolvemento a prestación obxecto do contrato administrativo de servizos adjudicado á contratista NUTCO, S.L. (expediente nº 43.010/220) para a determinación das actuacións que deban ser abordadas na plantilla do Concello de Vigo en garantía do debido exercicio das competencias municipais e do regular acceso e permanencia no emprego público das persoas aspirantes que podan ter sido nomeadas para un vínculo temporal.

III.- SOBRE OS VIXENTES CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DO CONCELLO DE VIGO: BREVE REFERENCIA Á PERSPECTIVA XUDICIAL

A legalidade, pleno axuste a Dereito e seguridade xurídica do núcleo esencial dos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo ten sido avalada polos xulgado e tribunais de Xustiza; así, a Sentenza 153/2023, do 6 de xuño, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no r.c-a p.a. 330/2022, confirmada en apelación por Sentenza 819/2023, do 14 de novembro, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (rec. núm. 338/2023) ten recoñecido o cumprimento dos criterios de xestión para a utilización das listas de reserva co marco normativo regulador do acceso ao emprego público e cos principios constitucionais rectores da función de selección de persoal.

Lémbrese igualmente que tales criterios que pola presente se modifican puntualmente -a efectos de permitir que, por vía convencional, se poda acordar con outras entidades ou institucións públicas a utilización de listas de reserva- teñen o carácter de instrumento de planificación de recursos humanos, carecendo de rango normativo, tal e como teñen recoñecido as resolucións xudiciais anteriormente referenciadas.

IV.- SOMETEMENTO Á PRECEPTIVA FISCALIZACIÓN PREVIA DA PROPOSTA

O presente expediente debe ser sometido á fiscalización previa a súa aprobación con carácter preceptivo, de conformidade co disposto ao establecido nos artigos 213 a 223 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, ao tratarse dun acto susceptible de xenerar gastos futuros.

V.- ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE

A competencia para a aprobación e modificación dos criterios de xestión das listas de reserva vixentes é a Xunta de Goberno Local ex artigo 127. 1, letra h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, previas as conformidades da Concillería da Área de Goberno e da Concillería-delegada de Área que por delegación da Excm. Alcaldía e da propia Xunta de Goberno Local teñen atribuídas competencias en materia de planificación e xestión de recursos humanos no actual réxime de delegacións competenciais.

VI.- PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO.- “Modificar puntualmente os vixentes criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das Ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo, apartado VI, segundo seguidamente se expón:

- Redacción actual:

“VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

“As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase á pública convocatoria para a selección de funcionariado interino, nos termos do marco legal vixente. As listas que resulten da nova pública convocatoria substituirán á anterior, permitindo deste xeito a actualización permanente das mesmas”.

- Nova redacción proposta:

“VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

“As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo na execución das ofertas de emprego público, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase ás listas de reserva que podan estar dispoñibles e utilizables polo Concello de Vigo en base aos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos que se conclúan con outras Administracións e Entidades Públicas ao abeiro do disposto na normativa vixente.

Recurrirase, como última opción, á pública convocatoria para a selección de persoal interino, nos termos do marco legal vixente, no suposto de inexistencia de listas de reserva procedentes de oferta, en primeiro lugar; ou no suposto de inexistencia de listas de reserva de uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas consonte aos convenios e acordos de colaboración que se conclúan, en segundo lugar; debendo acreditarse técnicaamente, con carácter previo á resolución de inicio de convocatoria pública de selección, a eficiencia do recurso ao proceso selectivo, e a non interferencia do proceso a convocar no debido cumprimento dos prazos legais de execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

As listas que resulten da nova pública convocatoria de selección de persoal serán incorporadas para o seu uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas nos termos do que se estableza nos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos rectores do sistema de uso compartido”.

SEGUNDO.- Instar ás Concellerías competentes en materia de persoal para ordear o inicio das actuacións administrativas que procedan para a formalización de convenios de colaboración, ou acordos análogos, tendentes á efectiva materialización da modificación operada no apartado Primeiro do presente acordo, nos termos e condicións, e co alcance e contido, establecidos na normativa vixente.

TERCEIRO.- Ordenar a publicación íntegra do texto actualizado dos criterios de xestión das listas de reserva do Concello de Vigo coa modificación puntual acordada no apartado Primeiro do presente acordo, segundo o contido no ANEXO I, que forma parte inseparable do presente acordo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal (Titularidade e Xefaturas); Xefatura do Gabinete da Alcaldía e Comité de Persoal para traslado aos sindicatos correspondentes, dispoñendo a súa inserción no Portal de Transparencia e na Intranet Municipal.

QUINTO.- Deixar sen efecto o acordos anteriores relativos aos criterios de xestión das listas de reserva, no que se opoñan ao presente.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I

“CRITERIOS DE XESTIÓN DAS LISTAS DE RESERVA DERIVADAS DA EXECUCIÓN DAS OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO E CONVOCATORIAS PÚBLICAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE VIGO

I.- OBXECTO DAS LISTAS DE RESERVA E PRINCIPIOS

Constitúe obxecto dos presentes criterios a xestión, supostos, incidencias e réxime de funcionamento das listas de reserva do Concello de Vigo.

As listas de reserva están integradas pola bolsa de persoas que superaron, sen dereito a obter praza, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a provisión das prazas convocadas en cada Oferta de Emprego Público (OEP).

Integran igualmente as listas de reserva a bolsa de persoas que superaron, sen dereito a ser nomeadas, a totalidade de exercicios integrantes dos procesos selectivos executados para a selección de funcionariado interino en calquera das modalidades previstas no marco normativo de aplicación.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

As referidas listas deberán ser conformadas por regra xeral polo sistema de oposición libre. Con carácter excepcional, en determinadas categorías da Administración especial nas que exista escaseza de perfís e dificultade de selección, previo informe xustificativo da conveniencia polo servizo que solicite a formación da lista de reserva, que deberá fundarse en todo caso en razóns de interese xeral debidamente identificadas e acreditadas, que deberán constar no informe, poderán tamén conformarse por concurso-oposición ou concurso de méritos.

As listas de reserva derivadas da execución das OEP, terán carácter preferente sobre as derivadas de procesos selectivos executados para a selección de funcionarios interinos que se executen fora das OEP.

O Concello de Vigo, a través dos órganos competentes e da área de RRHH e Formación, velará por evitar calquera tipo de irregularidade no nomeamento ou contratación, xestión e cese ou extinción da relación laboral que afecte á persoal non permanente municipal.

Con especial intensidade coidará que, en ningún caso, podan producirse situacións de encadeamento de nomeamentos ou contratacións temporais, posteriores aos dos tres anos de duración (salvo as excepcións establecidas legalmente), que recaian na mesma persoa aspirante integrada na Bolsa de emprego municipal, calquera que sexa a relación xurídica.

O cómputo do prazo indicado se verá interrompido, cando entre os nomeamentos existan períodos de inexistencia de relación laboral dun mínimo de nove meses.

II.- DEREITOS DAS PERSOAS EN LISTA DE RESERVA

As persoas que, superando a totalidade dos procesos selectivos celebrados, non tiveran dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de reserva, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor calificación final obtida) aos efectos de poder ser eventualmente nomeadas como funcionarios interinos en calquera das modalidades legalmente previstas, ou como persoal laboral interino ou temporal, nos termos do marco normativo de aplicación.

A pertenza a unha lista de reserva unicamente xerará o dereito a ser notificado, pola vía que se determina no presente documento, daquelas ofertas de nomeamento como persoal interino que o Concello de Vigo aprobe consonte ao disposto no marco normativo de aplicación en materia de selección de persoal interino, e que se concretan en:

- a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.
- b) A substitución transitoria dos titulares, establecéndose que nos casos de incapacidade temporal, redución de xornada, xubilacións parciais, maternidade ou paternidade, delegados sindicais a tempo total.

c) A execución de programas de carácter temporal, cos límites temporais e nos termos e condicións do establecido na normativa básica de aplicación, non podendo, en ningún caso, os ditos programas responder a necesidades permanentes da Administración.

d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo establecido legalmente. No presente suposto, operará a dita limitación temporal dentro dos nomeamentos que se realicen no mesmo tipo de praza ou categoría profesional, aos efectos de garantir a adecuada rotación das listas de reserva.

As ofertas realizadas terán o carácter de propostas, non xerando dereitos de ningunha índole e podendo quedar sen efecto, en caso de que non se fiscalicen favorablemente ou desaparezan as razóns de necesidade que as motiven, o calquera outra circunstancia que deberá motivarse.

Na mesma lista de reserva, non se ofertará ao persoal funcionario interino nin ao persoal laboral temporal outro nomeamento ou contrato durante a vixencia do que veñan desenvolvendo. Finalizado o mesmo, deben transcorrer nove meses para o seguinte, sen prexuízo do establecido para os supostos de substitución (apartado III b).

Cando unha persoa estea traballando en virtude de nomeamentos ou contratos de categorías inferiores, se ofrecerán os chamamentos para cobertura de vacantes e programas correspondentes a categorías superiores.

Para a cobertura das vacantes ou realización de programas, e aos efectos de poder planificar os nomeamentos, as Áreas/Servizos deberán presentar as solicitudes coa debida antelación, dentro del 2ª trimestre do ano (abril-xuño) antes do inicio dos traballos para a elaboración do Capítulo I do Orzamento. En todo caso, constitúe responsabilidade directa das xefaturas da área e servizo a racional e eficiente xestión dos efectivos ao seu cargo, tendo a obriga de evitar calquera situación de potencial encadeamento de nomeamentos ou contratos no ámbito ao seu cargo.

Unha vez ofrecido un nomeamento a un aspirante, e recibida a aceptación asinada polo mesmo, a persoa deberá ser nomeada no prazo máximo de dous meses. No caso de circunstancias sobrevenidas derivadas do servizo ao interese xeral, que impidan o nomeamento no prazo establecido, as cales deberán constar por escrito e ser incorporadas ao expediente; o aceptante poderá renunciar ao mesmo sen ser penalizado, e a Administración asume o compromiso de ofrecerlle o seguinte nomeamento, con carácter prioritario sobre os demais integrantes das lista.

As listas de reserva poderán ser utilizadas para o nomeamento de persoal laboral temporal, nos supostos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo servizo correspondente, resulte necesario recorrer á dita lista, seguindo idéntica tramitación que no caso da selección de persoal funcionario.

Salvo supostos excepcionais e motivados, no que se constate como única alternativa posible a contratación de persoal en réxime laboral, todos os nomeamentos do persoal no permanente se realizarán en réxime de dereito administrativo como persoal funcionario interino.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

En canto aos funcionarios de carreira que están nas listas de reserva, ao depender o nomeamento da concesión de excedencia, en aras a eficiencia da Área de RRHH e Formación, solo se ofrecerá o nomeamento previo informe favorable á posible excedencia emitido polo servizo de adscrición do funcionario de carreira, sen que proceda a substitución do funcionario de carreira.

III.- MODALIDADES DE FUNCIONARIOS INTERINOS

A) PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO EN PRAZA VACANTE

Como consecuencia da existencia de praza vacante de posible cobertura asignada a un posto de traballo previsto na RPT, cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira, por un prazo máximo de tres anos.

Transcorrido o prazo de tres anos dende o nomeamento do persoal funcionario interino se producirá o fin da relación de interinidade, e a praza vacante solo poderá ser ocupada por persoal funcionario de carreira. Excepcionalmente, o persoal funcionario interino nomeado poderá permanecer mais aló dos tres anos na praza que ocupe temporalmente, sempre que se teña publicada a correspondente convocatoria dentro do prazo dos tres anos, a contar dende a fecha do nomeamento do funcionario interino e sexa resolta de conformidade cos prazos establecidos no artigo 70 do TREBEP.

O persoal funcionario interino en praza vacante que, transcorrido o prazo máximo de tres anos, finalizara súa relación de interinidade, quedará en situación de “período de espera” na lista de reserva correspondente á mesma praza ou categoría profesional, ata transcorrer un prazo mínimo de 9 meses, a contar dende a fecha do cese.

B) FUNCIONARIO INTERINO POR SUBSTITUCIÓN

Procederá o nomeamento de interinidade por substitución para o desenvolvemento dun posto de traballo que seu titular, funcionario de carreira con dereito a reserva do posto de traballo, non poda desempeñar, por os motivos seguintes:

- a) Maternidade, paternidade, lactancia e embarazo de risco.
- b) Incapacidade temporal de longa duración (tempo estimado 3 meses)
- c) Incapacidade permanente absoluta.
- d) Excedencia para atender ao coidado de fillos ou dun familiar a seu cargo, por razón de violencia de xénero ou por razón de violencia terrorista.
- e) Aquelas situacións administrativas en que proceda legalmente.
- d) Delegados sindicais a tempo total.

En ningún caso a duración superará os tres anos de duración, nin se producirá un encadeamento ou concatenación de dous ou mais nomeamentos ou contratos en calquera modalidade, cuxo cómputo total poda superar os sinalados tres anos.

Transcorrido ese período, se producirá o cese quedando o persoal temporal no estado ou situación de “período de espera” na lista de reserva da categoría correspondente durante nove meses.

Nos períodos de substitucións inferiores a nove meses o período de espera será proporcional ao tempo de traballo.

C) PERSOAL FUNCIONARIO POR PROGRAMA

Para a execución de programas de carácter temporal, que non poderán ter unha duración superior a tres anos, ampliable ata doce meses mais pola leis de función pública que se diten en desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público

As **características** dun programa de carácter temporal, deberán ser:

- a) A actividade e as accións previstas no programa temporal deberán ter unha natureza conxuntural, inhabitual e non ordinaria. A modo orientador deberán ter as seguintes notas:
- b) Que se incardinan nas competencias que correspondan á área que formula o programa
- c) Que supoñan o desenvolvemento de novas actividades.
- d) Deberá ter un carácter non estrutural e temporal, e en ningún caso poderá prorrogarse.

En canto ao **procedemento**, deberá axustarse aos seguintes trámites:

- a) A iniciativa e elaboración do programa temporal corresponderá á área ou servizo promovente, sin prexuízo do asesoramento que se realice pola Área de Recursos Humanos.
- b) O área ou servizo que promova a implantación dun programa temporal, deberá iniciar de oficio a tramitación do oportuno procedemento administrativo a través da apertura del correspondente expediente administrativo e deberá incorporar:

1. Unha memoria explicativa do programa temporal proposto, que deberá conter:

- A denominación del programa temporal.
- A concreción do obxecto e a oportuna manifestación e xustificación del carácter conxuntural e non permanente das accións e actividades a desenrolar.
- Os obxectivos e finalidades pretendidos.
- A duración temporal que se prevé, ata un máximo de tres anos.
- A enumeración e cuantificación do persoal non estrutural necesario para a execución do programa (perfiles profesionais e categorías profesionais) con delimitación das funcións que deban desenrolar.
- A memoria deberá ser asinada pola xefatura do servizo ou área promovente coa conformidade da concellería respectiva
- Un informe xurídico de RRHH sobre a legalidade do programa temporal proposto.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Aprobado o programa polo órgano competente tras a remisión polo Servizo ou Área proponente, será remitido a Área de RRHH e Formación para previa orde de incoación da concellería competente en materia de persoal, inicie os oportunos procedementos de selección, xestión e nomeamento do persoal temporal demandado para a xestión del programa temporal.

A execución do programa depende da existencia da oportuna cobertura orzamentaria e informe favorable da Intervención General.

O persoal funcionario nomeado para o desenvolvemento do programa unha vez transcorrido o prazo máximo de duración do mesmo, non poderá ser de novo nomeado para calquera outra relación de interinidade no mesmo tipo de praza ou categoría profesional ata o transcurso do prazo mínimo de nove meses a contar dende a fecha de cese do nomeamento, quedando durante o citado prazo en estado de “período de espera”.

D) PERSOAL FUNCIONARIO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS

Para cubrir a demanda de reforzo derivada do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de nove meses, dentro dun período de dezaioito meses, a computar a partir da data do nomeamento.

Para poder realizar o nomeamento, será necesario que se acredite suficientemente con claridade e precisión a causa que xustifica o mesmo, sendo requisitos exixibles:

- a) Que se alegue e fundamente o incremento da actividade que desenvolva a Área/servizo demandante, así como que se precise o feito e causa que motiva a solicitude.
- b) Que o aumento da actividade derive dun exceso ou acumulación puntual de demanda dos servizos e tarefas que se prestan de forma habitual pola Área ou Servizo demandante, para o cal deberá cuantificarse o exceso que se alega en relación aos servizos ou tarefas de referencia.
- c) A alusión á insuficiencia de persoal (absentismo, vacacións, permisos etc.) como causa complementaria para xustificar este tipo de nomeamento precisará que, tal circunstancia non responda a déficits estruturais e, polo tanto, que a mesma lo sexa de forma puntual e extraordinaria.

Non se autorizarán acumulacións de tarefas mentres existan prazas vacantes na mesma área ou servizo en disposición de ser cubertas interinamente.

Unha vez finalizado o nomeamento por acumulación de tarefas, non se poderá decretar un novo nomeamento á mesma persoa aspirante, na mesma praza/categoría, ata que transcorra o prazo de dezaioito meses, a contar dende a fecha do primeiro nomeamento.

En ningún caso se producirá un encadeamento ou concatenación de dous, ou mais nomeamentos cuxo cómputo total poda superar os sinalados tres anos, transcorridos os cales, o persoal funcionario interino quedará no estado ou situación de “período de espera” na lista de reserva correspondente, durante nove meses, a contar dende a fecha do último cese.

Os nomeamentos de persoal funcionario interino por esta causa non poden superar en ningún caso o tres por cento do persoal funcionario do Concello de Vigo.

IV.- FUNCIONAMENTO DA LISTA DE RESERVA

As listas de reserva do Concello de Vigo teñen carácter público, ao abeiro do establecido na normativa vixente en materia de transparencia, e figurarán publicadas no Portal de Transparencia debidamente actualizadas.

Procedemento:

O nomeamento do persoal interino será acordado polo órgano municipal competente en materia de persoal consonte ao previsto na lexislación básica sobre réxime local e réxime de delegacións existentes no Concello de Vigo; previa tramitación de expediente xustificativo da necesidade e urxencia de efectuar o mesmo consonte aos supostos sinalados no apartado anterior; a proposta fundamentada do servizo administrativo correspondente, e coa conformidade da Concellería-delegada da Área concreta.

A incoación do expediente administrativo de nomeamento será realizada pola Concellería-delegada competente en materia de persoal. As persoas integrantes das lista de reserva deberán reunir os requisitos legais e os termos e condicións establecidos nos presentes criterios para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, sendo ésta orde de incoación a referencia temporal ao efecto, rexéndose polo establecido no RD 2568/1986, do 28 de novembro, e normativa de concordante aplicación (Leis 39/2015 e 40/2015 de 1 de outubro).

A xestión das listas corresponderá á Área de Recursos Humanos e Formación do Concello de Vigo, estando á disposición dos interesados na web municipal www.vigo.org en cumprimento da normativa vixente en materia de transparencia.

Os chamamentos se realizarán mediante os procedementos que se establecen a continuación.

a) Procedemento xeral: Se realizarán tres intentos de comunicación ou aviso vía telefónica, correo electrónico e/ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa, no prazo de dous días hábiles, cunha diferenza de ao menos 1 hora entre cada intento, dando un prazo dun día hábil dende a remisión da documentación para que mostren ou non a súa conformidade e aporten a documentación.

b) Para procedementos de cobertura de extrema urxencia: Se realizarán dous intentos de comunicación no mesmo día, cunha diferenza de ao menos unha hora entre cada intento. Nestos casos a oferta deberá ser aceptada ou rechazada no mesmo momento, debendo aportar a documentación requirida nun prazo de 12 horas.

A estes efectos enténdese por supostos de extraordinaria urxencia, os derivados de situacións de saúde pública, crises sanitarias ou acontecementos catastróficos, así como en situacións debidamente xustificadas de necesidade inaprazable por razóns de interese público.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

A existencia de extraordinaria urxencia deberá ser xustificado debidamente polo Servizo solicitante e acordado expresamente na orde de incoación de expediente da concellería delegada competente en materia de persoal.

Con carácter xeral para ambos procedementos:

. Tanto a aceptación como a renuncia dos nomeamentos deberán manifestarse por escrito. Se entenderá rexeitado tácitamente o ofrecemento no caso de que non se responda a chamada, correo electrónico ou sistema de mensaxería instantánea de titularidade corporativa; ou non se teña recibida a aceptación nos prazos establecidos.

En caso de renuncia ao nomeamento, procederase ao chamamento ao aspirante seguinte da lista, sen que caiba alegar motivo xustificativo algún relativo ás causas da renuncia.

. Nos casos de renuncia tácita, todos os intentos deberán quedar recollidos no expediente pola persoa encargada de efectualos os chamamentos. A persoa encargada de efectuar o chamamento, rexistrará mediante dilixencia asinada electrónicamente, os datos das chamadas efectuadas, número de intentos de chamada á mesma persoa, día e hora de chamada.

. É obriga dos interesados a actualización dos datos persoais. Os aspirantes deberán autorizar expresamente o tratamento dos datos persoais conforme ao previsto na LO vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, mostrando a súa conformidade no escrito de aceptación.

. A aceptación e documentación requirida se presentará por calquera dos medios legalmente establecidos (preferentemente polo rexistro electrónico), xunto con declaración xurada conforme se reúnen os requisitos para o nomeamento ofrecido así como a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas do posto de traballo nos termos da normativa vixente.

. Non poderá ser esixida a documentación que obre en poder da Administración.

En todos os casos, cando se produza o cesamento dun integrante da lista por finalización das causas motivadoras do nomeamento segundo se establece na normativa vixente; éste reincorporarase ao posto da lista que lle corresponda por puntuación.

V.- RÉXIME DE RENUNCIAS E EFECTOS

- A renuncia expresa dos aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá na lista de reserva na que renuncian, como efectos os que se indican seguidamente:

a) Nos chamamentos efectuados no procedemento xeral; a primeira renuncia implicará que a persoa aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, a efectos de garantir o dereito constitucional á igualdade de oportunidades contemplado no artigo 14 da CE 1978

de todos os aspirantes que teñen superado as probas sen dereito a obter praza, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A segunda renuncia, implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

b) Nos chamamentos no procedemento de extrema urxencia, a segunda renuncia implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada, non cabendo alegación de motivo algún que impida ter por efectuada a renuncia. A terceira renuncia implicará a expulsión definitiva da lista de reserva.

- Cando unha persoa renuncia iniciado un nomeamento co Concello de Vigo, a penalización é a mesma que no caso de que renunciara a un chamamento sen xustificación algunha, é dicir, pasa ao final da lista, si é a primeira vez, e si fora a segunda, sería expulsado da mesma. Ademais tamén queda desactivado automaticamente e corre por súa conta a solicitude de reactivación.

- Non afectarán as renuncias os supostos seguintes:

- 1.- Permisos de paternidade e/ou maternidade;
- 2.- Incapacidade temporal (IT);
- 3.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal funcionario ou laboral, en outra Administración Pública; ou ben no sector privado
- 4.- Supostos nos cales a persoa aspirante se atope prestando servizos, como persoal laboral temporal por conta allea e en situación de alta no réxime xeral da Seguridade Social, no sector privado.
- 5.- Coidado de fillo menor de 3 anos, tanto cando o sexa por natureza como por adopción, a contar dende a data de nacemento ou resolución xudicial ou administrativa.
- 6.- Violencia de xénero.
- 7.- Coidado de familiar de ata segundo grado de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente o enfermidade non poda valerse por sí mesmo e non desenvolva actividade retribuída, por un prazo máximo de tres anos.
- 8.- A renuncia á acumulación de tarefas, no caso de que o integrante da lista teña previsión dun posible nomeamento de cobertura de praza vacante ou programa (prazas incluídas en ofertas de emprego público aprobadas ou programas aprobados en XGL).

A tales efectos, deberá aportarse xustificación documental das situacións indicadas, mediante:

- 1.- Acreditación da maternidade/paternidade na forma legalmente prevista;
- 2.- Parte de declaración da situación de IT, ou certificación acreditativa da condición de persoal funcionario ou laboral expedida pola Administración Pública de destino;
- 3.- Certificación expedida por persoa capacitada legalmente para representar á empresa, na cal se acredite a existencia de contrato laboral como traballador por conta allea do/da aspirante, debendo xuntar xustificación de alta no réxime xeral da Seguridade Social;
- 4.- Certificado de nacemento de fillo;
- 5.- Sentenza ou resolución condenatoria por un delito de violencia de xénero, orde de protección, ou informe do servizos sociais de atención primaria.
- 6.- Libro de familia, situación de pensionista ou incapacidade, e informe médico que acredite a dependencia.



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

Nestes casos as persoas conservan a súa posición, pero serán desactivadas temporalmente, por un prazo máximo de tres anos, debendo comunicar a finalización das causas para volver a ser activadas.

As persoas son desactivadas para todos os chamamentos de interinidade por acumulación de tarefas. Non para o caso dun chamamento para cubrir unha vacante o para a execución dun programa temporal. Se lles chama aínda que estean desactivados.

- Serán excluídos/as das bolsas os/as integrantes destas que así o soliciten.

- As persoas que renuncian no caso de ofrecemento de nomeamentos de categoría inferior a que corresponda pola lista de reserva, conservan a posición na lista e non son desactivadas.

VI.- VALIDEZ DA LISTAS DE RESERVA

As listas de reserva terán validez ata que se realice un novo proceso selectivo na execución das ofertas de emprego público, perdendo a súa vixencia coa finalización de cada proceso selectivo, establecéndose en todo caso un límite máximo de vixencia temporal de 3 anos.

No suposto de inexistencia de lista de reserva por esgotamento da mesma, ou por non reunir os aspirantes os requisitos legais para poder ser nomeados no momento en que se proceda á sinatura da orde de incoación do expediente administrativo de nomeamento, acudirase ás listas de reserva que podan estar dispoñibles e utilizables polo Concello de Vigo en base aos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos que se conclúan con outras Administracións e Entidades Públicas ao abeiro do disposto na normativa vixente.

Recurrirase, como última opción, á pública convocatoria para a selección de persoal interino, nos termos do marco legal vixente, no suposto de inexistencia de listas de reserva procedentes de oferta, en primeiro lugar; ou no suposto de inexistencia de listas de reserva de uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas consonte aos convenios e acordos de colaboración que se conclúan, en segundo lugar; debendo acreditarse tecnicamente, con carácter previo á resolución de inicio de convocatoria pública de selección, a eficiencia do recurso ao proceso selectivo, e a non interferencia do proceso a convocar no debido cumprimento dos prazos legais de execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

As listas que resulten da nova pública convocatoria de selección de persoal serán incorporadas para o seu uso compartido con outras Administracións e Entidades Públicas nos termos do que se estableza nos convenios de colaboración interadministrativa ou acordos análogos rectores do sistema de uso compartido.

VII.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Existirá unha Comisión de Seguimento da utilización das listas de carácter técnico-sindical, encargada das incidencias referidas ás listas de reserva, e que deberá velar polo efectivo

cumprimento dos presentes criterios, estando facultada para solventar as incidencias prácticas susceptibles de xenerarse, así como para a determinación de criterios de interpretación.

A mesma estará integrada polos membros do grupo de traballo creado para o estudo, revisión e proposta de novos criterios de xestión das listas de reserva de persoal interino e temporal:

- 2 técnicos da Área de Recursos Humanos e Formación.
- 1 técnico designado pola Intervención Xeral.
- 2 representantes do Comité de Persoal (comunicación electrónica de data 19/05/2021).
- 1 administrativo/a da Área de RRHH e Formación.

VIII.- OUTRAS INCIDENCIAS

Os presentes criterios se aplicarán aos nomeamentos interinos ou contratacións temporais, que se inicien con posterioridade a súa aprobación.

Nos supostos nos que en execución de sentenza deba modificarse o presente réxime de xestión das listas, a orde de prelación dos reservistas ou calquera outro aspecto, as medidas que correspondan serán adoptadas polo órgano municipal competente en virtude dos decretos e acordos de delegación competencial vixentes en cada momento, debendo comunicar tal incidencia á Comisión de Seguimento das listas.

Ás relacións entre as persoas integrantes das listas de reserva que poidan ser nomeadas como funcionariado interino e o Concello de Vigo seralles aplicables, o Dereito Administrativo, sendo impugnables os actos e acordos ditados no ámbito material indicado perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, nos termos do previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, e normativa de concordante e procedente aplicación. Elo sen prexuízo da competencia da xurisdición social para as impugnacións de contratacións laborais temporais.

IX.- DECLARACIÓN RESPONSABLE NA SOLICITUDE DE PERSOAL INTERINO

En garantía do debido cumprimento do marco normativo de aplicación ao persoal interino e temporal, toda solicitude de efectivos que se formule deberá acompañar inexcusablemente unha **declaración responsable**, asinada pola xefatura de área ou servizo solicitante, e conformada pola Concellería-delegada da Área de goberno correspondente, conforme ao ANEXO I que forma parte inseparable do presente acordo. A ausencia de incorporación da mesma no documento electrónico de solicitude conlevará a súa devolución automática

ANEXO I



CONCELLO DE VIGO

Expte.1675 /1102

DECLARACIÓN RESPONSABLE NO NOMEAMENTO DE PERSOAL INTERINO AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO

D/D^a....., na condición de xefatura da Área/Servizo de....., e con relación á solicitude formulada en documento electrónico n.º....., **DECLARA** responsablemente o seguinte:

1.- Que coñece o previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade nas Administracións Públicas, e singularmente a interdicción legal de xenerar potenciais situacións de risco no nomeamento de persoal interino e temporal.

2.- Que coñece as obrigas que as vixentes Guías sobre funcións dos postos de traballo do Concello de Vigo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, lle atribúen respecto da xestión do persoal ao seu cargo e que en ningún caso atribuirá ao persoal interino e temporal ao seu cargo tarefas ou funcións que podan ser consideradas idénticas ou similares a outras correspondentes a distintos postos de traballo.

3.-Que coñece os criterios de xestión de listas de reserva de persoal interino e temporal do Concello de Vigo.

4.- Que con anterioridade a efectuar a solicitude de persoal que co presente documento se acompaña ten realizado unha previa análise de necesidades, tendente á redistribución interna de cargas de traballo e a un mellor dimensionamento de efectivos, na búsqueda da máxima eficiencia na xestión interna ao seu cargo.

5.- Que en modo algún a solicitude que se formula ten por obxecto suplir deficiencias de estrutura (no caso do persoal interino por acumulación de tarefas, do persoal interino por substitución e do persoal interino por programas de carácter temporal) nin xenerar situacións de interinidade de longa duración (no caso do persoal interino con cargo a praza vacante)

E para que así conste, e surta os efectos previsto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, asínase o presente, en Vigo, na data de sinatura dixital á marxe.

A xefatura da Área/Servizo de.....

Sinatura en coñecemento da solicitude formulada, A Concellería- delegada da Área de.....

20(374).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez